



# PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO TECIDO ECONÓMICO **2016-2020**

XUNTA DE GALICIA



PLAN DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA  
NO TECIDO ECONÓMICO **2016-2020**

XUNTA DE GALICIA





## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>7</b>
Antecedentes .....	11
Órgano promotor .....	16
Xustificación .....	18
<b>ALCANCE DO PLAN .....</b>	<b>23</b>
<b>ORGANIZACIÓN DO PLAN .....</b>	<b>27</b>
Estrutura do plan.....	28
Responsabilidades do plan e plans de acción anuais.....	29
Seguimento, avaliación e control da execución do plan.....	30
<b>OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS.....</b>	<b>33</b>
<b>ÁREAS .....</b>	<b>37</b>
Hostalería .....	42
Comercio .....	43
Alimentación .....	44
TIC.....	45
Construción e inmobles.....	46
Banca .....	47
Asesoramento e intermediación.....	48
Axencias de publicidade .....	49
Relacións laborais.....	50
Cooperativismo .....	51
<b>MEDIDAS.....</b>	<b>53</b>
Medidas xerais .....	56
Medidas para a hostalería.....	60
Medidas para o comercio.....	62
Medidas para o sector da alimentación.....	64
Medidas para o sector TIC.....	66
Medidas para o sector de construción e inmobles .....	68
Medidas para a banca .....	69
Medidas para o sector de asesoramento e intermediación .....	70
Medidas para as axencias de publicidade .....	71
Medidas para a área das relacións laborais .....	72
Medidas para o cooperativismo.....	73
<b>CRONOGRAMA.....</b>	<b>75</b>
<b>ORZAMENTOS .....</b>	<b>81</b>



<b>ANEXO I. INDICADORES .....</b>	<b>85</b>
<b>ANEXO II. PROCESO PARTICIPATIVO .....</b>	<b>93</b>
<b>ANEXO III. PROXECTOS PARA 2016 E 2017 .....</b>	<b>103</b>
Portelo único para a lingua .....	106
Galego e internet para mellorar a hostalería.....	108
O galego, un compromiso conxunto .....	110
Construíndo en galego .....	112
Melloramos co galego .....	114
O galego tamén é unha responsabilidade social.....	116
A difusión, en galego .....	118
Colaboramos para facer máis.....	121

**1**



# **INTRODUCCIÓN**





## **“O plan busca a transversalidade e a implicación de toda a sociedade, especialmente das empresas”**

---

A sociedade galega no seu conxunto posúe un ben patrimonial que ao longo dos tempos marcou o noso xeito de comunicarnos e de entender a realidade que nos rodea. A lingua galega foi dende sempre o principal instrumento de comunicación das galegas e galegos residentes na Galicia territorial e tamén dos que se foron a unha diáspora que levou as nosas xentes por moi distintas partes do mundo.

Tradicionalmente, os acontecementos históricos e outras moitas circunstancias procedentes tanto de dentro como de fóra do noso país fixeron que a recuperación da normalidade para a lingua galega non valorase con precisión a importancia de expandir o proceso aos fluxos económicos cada vez máis intensos e rápidos.

O galego, despois de ter avanzado considerablemente durante as últimas décadas na cultura, no ensino e na comunicación, debe dotarse da consideración social necesaria para ser tamén a lingua da economía, da industria e do comercio, dos contratos e os negocios na Comunidade Autónoma de Galicia e mesmo máis alá dos seus límites administrativos.

Todo goberno ten, entre as súas obrigas principais, a creación de oportunidades económicas que lle permitan á sociedade progresar mediante a xeración de riqueza. Non obstante, esta actividade baseada na produción, distribución e consumo de bens ou servizos non ten lugar no seo dun espazo baleiro. Á hora de realizar intercambios, o contexto cultural constitúe un factor de primeira orde para que estes contactos





económicos entre os diferentes pobos cheguen a unha conclusión satisfactoria para os seus protagonistas.

Do mesmo xeito, no caso das sociedades que posúen características culturais específicas, as institucións públicas teñen o deber de velar pola súa viabilidade, procurando atopar para tal fin a mellor maneira de conectalas co seu contorno, e mesmo utilizándoas, de ser posible, como vehículo para obter un mellor rendemento socioeconómico das interaccións co exterior. Este constitúe o mellor modo, ao noso xuízo, de asegurar que os intercambios e os contactos con outras culturas distintas non poñan en perigo a supervivencia da propia, permitindo que a sociedade interiorice a necesidade de preservar a súa identidade, non como resultado dunha esixencia xerada dende a acción gobernativa, senón como froito dunha evidencia económica, dun beneficio compartido polo conxunto da comunidade. A cultura propia entendida non como elemento distanciador ou separador, senón como chave que permita a unión ou a relación enriquecedora con outros pobos: velaí unha vía que debe buscar sempre o consenso social e que posúe a virtude de incrementar o apego da sociedade pola utilidade da súa propia cultura.

No caso concreto de Galicia, o noso rico sistema cultural vértase en boa medida arredor dun idioma propio, o galego, que dispón dun pasado de xustificado orgullo. Emporiso, os recentes resultados ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística, no marco da Enquisa de condicións de vida das familias correspondente ao ano 2013, serviron para ilustrar o problema central que enfronta nos nosos días a lingua galega: as dificultades na transmisión xeracional. Aínda sabendo que os motivos do problema son múltiples e complexos, é preciso constatar a importancia dos datos reflectidos nese estudo, e adoptar, en consecuencia, unha resposta o máis consensuada posible para enfrontarnos aos desafíos que del se desprenden e garantir, cun traballo compartido, a confianza plena do seu futuro.

Por esta razón, o Goberno galego considera necesario xuntar dous deberes: dunha parte, a creación de maiores oportunidades económicas e, doutra, velar pola viabilidade do noso idioma. Con tal intención, proponse elaborar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico para o período comprendido entre os anos 2016 e 2020.

Este plan de dinamización, recollido no presente documento, contén unha parte introdutoria na que se fala dos antecedentes, principalmente o Plan xeral de normalización da lingua galega e o Documento estrutural básico (texto previo a este plan de dinamización); do órgano promotor do plan, isto é, a Secretaría Xeral de Política Lingüística; e unha xustificación, na que se explica a necesidade de poñer en marcha un plan destas características.



Despois desta parte introdutoria, inclúese un apartado sobre o alcance do plan, non só temporal, senón tamén sectorial, e tamén os principios sobre os que se asenta.

A continuación explícase a organización do plan, é dicir, a súa estrutura, as responsabilidades e o seguimento e control, para, posteriormente, detallar os obxectivos específicos e estratéxicos deste proxecto.

Deseguido, especifícanse as diferentes áreas económicas ás que van dirixidas as medidas e, a seguir, explícanse as medidas en si para cada unha destas áreas.

O documento finaliza cun capítulo co cronograma e outro co orzamento e, por último, os anexos, dentro dos cales se inclúe o plan de medidas para 2016 e 2017, no que aparecen detalladas as actuacións que están previstas para poñer en marcha ao longo deses dous primeiros anos de execución do plan.



### 1.1



## Antecedentes

O Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 xorde no marco do desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega<sup>1</sup> (PXNLG) e ocúpase do apartado deste referido ao ámbito económico, recollido como sector 4. Economía.

O PXNLG divide o sector da economía en **cinco áreas (industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo)** e establece para cada unha delas uns obxectivos específicos de área acompañados dun grupo de medidas para pór en práctica.

O PXNLG achega, así mesmo, unhas **pautas** para o éxito na implantación das medidas que nel figuran. Velaquí un resumo destas pautas:

- a. Establecemento dun discurso que incida na presentación do galego como lingua propia, maioritaria e emerxente que pode representar un factor positivo de mercado.
- b. Necesidade de priorizar empresas que teñan unha relación directa coa clientela galega ou con importante presenza publicitaria.
- c. Necesidade de priorizar empresas, tamén as non galegas, con mercado en Galicia.
- d. Necesidade de centrarse especialmente en empresas galegas con mercado en Galicia.

O PXNLG establece **tres obxectivos xerais** para o sector económico:

---

<sup>1</sup> SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2004): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.



- Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias.
- Estender o uso da lingua galega nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
- Fomentar nas persoas consumidoras o hábito de usaren e reclamaren a **atención comercial** en galego.

O PXNLG contén, así mesmo, un diagnóstico detallado do sector económico, que inclúe unha listaxe de puntos fortes e puntos febles. Por este motivo, dado que este documento xa contén unha análise da situación da lingua galega neste sector, neste novo plan de dinamización xa non se leva a cabo este traballo e dáselle unha orientación máis práctica, máis centrada en actuacións concretas.

Así pois, posto que este plan ten como punto de partida o PXNLG, tamén considera válido o diagnóstico sobre a situación da lingua galega no sector económico, e é este diagnóstico do que se parte á hora de deseñar as medidas que se inclúen no presente plan. Así, entre os aspectos relativos ao diagnóstico que fai o PXNLG destacan, como puntos fortes da situación do galego no sector económico, os seguintes:

- Presenza destacada do galego na base e no final do proceso económico.
- Lingua de maior uso entre o persoal de moitas empresas nas súas relacións laborais.
- Forte presenza do galego no sector primario.
- Existencia de recursos lingüísticos que poden resultarlles de utilidade ás empresas: correctores ortográficos, tradutores automáticos, glosarios con terminoloxía específica de diferentes sectores etc.
- Incremento do compromiso das empresas con certos valores (ambientais, culturais...), entre os que a lingua pode ocupar un oco destacado.
- Galego como lingua maioritaria de Galicia: presenza da lingua galega en todo o territorio galego e en todos os sectores e tramos de idade (en maior ou menor medida).
- Escaso rexeitamento ao uso do galego no mundo empresarial por parte da poboación.
- Existencia de empresas de gran relevancia que mostran o seu compromiso coa lingua galega con resultados positivos.



- Lingua como factor de identificación das empresas galegas.
- Existencia de persoas consumidoras que mostran a súa preferencia por produtos e servizos ofertados en galego.
- Disposicións legais que fomentan e lexitiman o uso do galego.
- Clima favorable para a publicidade en galego (axudas dos medios de comunicación).
- Actitude favorable cara ao galego de empresas de fóra.
- Identificación do produto galego coa calidade. Maior valoración do local considerado máis auténtico.
- Proximidade co portugués e o castelán (intelixibilidade).
- Existencia de cooperativas que xa usan o galego como lingua comercial.
- Peso de internet, novas tecnoloxías e redes sociais: abarata os custos dos usos plurilingües.
- Receptividade dos sindicatos ao uso do galego no sector económico.

Así mesmo, ofrécese unha listaxe dos puntos febles, entre os que se poderían salientar os seguintes:

- Presenza feble do galego no proceso empresarial intermedio e fractura da cadea lingüística nos cadros técnicos.
- Uso do galego confinado á oralidade e á baixa cualificación. As clases medias altas e dirixentes do ámbito económico e financeiro seguen a usar maioritariamente o castelán.
- Escaseza de medios informáticos e de xestión e de documentación técnica en galego.
- Internacionalización das empresas, para o que se busca unha lingua polivalente.
- Percepción por unha parte do empresariado de que o galego non é unha lingua necesaria ou que a considera minoritaria.
- Conflitos normativos: provocan inseguridade.



- Dificultades para as persoas que non foron alfabetizadas en galego.
- Inercia no uso do castelán.
- Custo adicional, aínda que pequeno, na etiquetaxe dupla.
- Medo a posicionarse a prol do galego en certos sectores do empresariado.
- Dúvidas de que na relación custo/beneficio o galego sexa rendible.
- Indiferenza de boa parte das persoas consumidoras fronte ás cuestións lingüísticas.
- Actitude negativa de certas institucións relacionadas co ámbito económico cara ao galego.
- Ambigüidade dalgunha lexislación e limitacións normativas.
- Pouco uso do galego na publicidade e actitude contraria dalgunhas empresas a facer a súa publicidade nesta lingua.
- Infravaloración recíproca do portugués e o galego.
- Baixa implantación nas pemes das TIC.
- Lixeiro decaemento da reivindicación do galego na actividade sindical.

Así pois, este plan de dinamización nace coa orientación de aproveitar os esforzos xa realizados no PXNLG e de afondar na súa concreción, no seu nivel de detalle e na súa posta en práctica, o que esixe a súa adaptación ao contexto actual no que estamos inmersos.

Por outra banda, existe un documento previo ao presente PDLE, denominado *Documento estrutural básico do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020*, o cal contén información, entre outros aspectos, sobre os obxectivos, a metodoloxía empregada, as medidas propostas, as entidades implicadas ou as fases de elaboración do plan.

Este documento foilles presentado a un gran número de entidades co obxectivo de que fixesen as súas achegas ao texto. Posteriormente, fíxose público na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística ([www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)) para que outras organizacións, públicas e privadas, principalmente relacionadas co mundo empresarial e coa lingua galega, tamén contribuísen a enriquecer o documento coas súas achegas. Neste sentido, buscouse que o proceso de redacción definitiva do plan contase co coñecemento e colaboración dunha ampla representación da sociedade galega,



especialmente dos sectores máis implicados e/ou especializados na economía e na promoción da nosa lingua. Así concellos, deputacións provinciais, órganos da Xunta de Galicia e unha gran cantidade de entidades sociais recibiron un cuestionario para que plasmasen nel as súas ideas de actuación destinadas a fomentar o uso da lingua galega no ámbito económico.

O documento estrutural constituíu, pois, o punto de partida para a elaboración do presente plan, o texto a partir do cal diferentes axentes implicados co mundo económico e lingüístico, así como a sociedade en xeral, contribuíron ao seu enriquecemento e á proposta de medidas para impulsar o galego neste ámbito.



## 1.2



### Órgano promotor

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e máis concretamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, SXPL) é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

En particular, correspóndelle exercer, entre outras, as competencias e funcións seguintes:

- Promover, impulsar e elaborar propostas legislativas e regulamentarias que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega.
- Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.
- Planificar e desenvolver campañas e medidas de fomento do uso, coñecemento e difusión do galego dentro e fóra do territorio lingüístico galego.
- Promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e a terminoloxía.





- Emitir informe sobre os proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que promovan os departamentos da Xunta de Galicia sobre a normalización do uso do galego ou sobre a política lingüística en xeral.
- Promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.
- Calquera outra competencia e función que lle sexa delegada ou encomendada pola persoa titular da Consellería.

Estas funcións que, entre outras, ten atribuídas xustifican a posta en marcha por parte da SXPL deste plan que pretende incrementar a presenza do galego no ámbito económico. Moitas das medidas que nel se propoñen enlazan directamente con estas funcións e avalan este departamento na súa intención de levalas a cabo, xa que é o órgano coas competencias en materia de lingua. Isto non significa que sexa o único ente implicado na súa aplicación, posto que todas as consellerías colaborarán para conseguir o éxito do plan. Trátase, pois, dun proxecto unitario da Xunta de Galicia no que todo o Goberno galego estará implicado. Así, todas as consellerías e organismos dependentes se implicarán progresivamente na implantación deste plan e na posta en marcha das medidas incluídas nel, así como doutras que vaian xurdindo a medida que se cree unha dinámica de colaboración entre todos estes departamentos. Esta filosofía verase claramente na inclusión dun importante número de medidas deseñadas para levar a cabo no marco de convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e outros organismos, principalmente da Xunta de Galicia, pero tamén doutras administracións, de implicación sectorial e local, dinámica que xerará a corresponsabilidade e a implicación progresiva de todos de cara a implementar este plan e ir aumentando a presenza do galego neste ámbito.



## 1.3



### Xustificación

O impulso deste plan por parte da SXPL reponde á necesidade de poñer en práctica moitas das funcións que ten encomendadas e que, no caso concreto do ámbito económico, aparecen recollidas como “programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego”. É este, xa que logo, un sector citado explicitamente, o que demostra a súa importancia á hora de poñer en marcha medidas de dinamización lingüística por tratarse dun ámbito estratéxico.

Ademais, o propio PXNLG reflicte a dificultade do sector da economía, tanto para facer unha diagnose sectorial como para artellar medidas de actuación efectivas, polo que resulta de interese para poñer en marcha actuacións que revertan esta situación. Así, sinalanse como algúns dos problemas para intervir neste ámbito os seguintes:

- Invisibilidade da lingua galega no sector da economía
- Diversidade de empresas e actividades
- Empresas con diferentes mercados (Galicia ou exterior)
- Diversidade de tamaño das empresas
- Diversidade da clientela (consumidor final ou outras empresas)
- Diversidade do tipo de comunicación entre as empresas



- Diversidade da localización da actividade empresarial (ámbito rural ou urbano), cunha concentración nos núcleos urbanos
- Atomización do tecido empresarial (moitas empresas son de pequena dimensión)

Así mesmo, o PXNLG sinala unhas pautas que cómpre ter en conta para acadar un maior éxito na implantación das medidas que se deseñen. A continuación, recóllense estas pautas de xeito resumido:

- Empregar un discurso no que se insista en que o galego é a lingua propia de Galicia, ademais de maioritaria e emerxente, que representa un factor positivo de mercado.
- Priorizar as empresas que teñan relación directa coa clientela galega individual e as que teñan unha importante presenza publicitaria.
- Priorizar as empresas con mercado en Galicia e facer especial fincapé nas do sector servizos.

O PXNLG insisten ademais na importancia da publicidade e salienta que os estudos de mercado publicados polo Consello da Cultura Galega conclúen que a lingua galega axuda a vender.

Por outra banda, como demostran os datos publicados en decembro de 2014 polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na súa Enquisa de condición de vida das familias do ano 2013, aumentou o número de persoas que di que ten un grao alto de coñecemento oral e escrito do galego e case a totalidade da poboación afirma que entende esta lingua. Aínda así, cómpre adoptar medidas positivas que reforcen o seu uso e incidir dun xeito especial nos sectores nos que tradicionalmente a lingua galega estivo máis ausente.

Entre as conclusións que se poden extraer dos datos que proporciona o IGE pódese destacar que declara falar sempre en galego o 30,84 % da poboación e falalo ás veces un 42,06 %, mentres que o 25,95 % afirma falar só castelán.

Con respecto ás competencias, o 98 % declara entender moito ou bastante o galego e o 97,16 % afirma saber falalo. O 83 % afirma saber escribilo e o 97 % sabe lelo.

Se analizamos a mesma fonte de datos, aplicables ao ámbito económico, observamos que:



O 69,73 % da lingua usada en Galicia cos comerciantes é sempre ou ás veces o galego, mentres o 65,63 % das relacións en rexistros orais co persoal da banca se produce todo ou en parte en lingua galega.

No terreo do laboral, o galego é a lingua empregada sempre ou ás veces no 72,23 % das relacións con compañeiros/as de traballo, no 68,04 % co persoal a cargo, no 61,53 % cos superiores e no 78,24 % coa clientela.

Con esta base de porcentaxes, debemos ter en conta a percepción do uso do galego na sociedade, o 70,85 % percibe moito uso ou un uso normal, mentres que o 29,15 % percibe que se usa pouco ou nada.

Debemos ter en conta que a percepción do uso do galego respecto do pasado, o 79 % da cidadanía percibe que o uso do galego é máis ou igual que hai 5 anos mentres que o 21,38 % percibe que é menor. Respecto ao futuro, o 74,82 % cre que o uso do galego será maior ou igual dentro de 5 anos e o 25,18 % móstrase convencido de que será menor.

Á vista destas estatísticas (referenciadas ao ano 2013), todo parece indicar que debemos partir do suposto de que o galego ten unha importante presenza nos usos orais dentro do ámbito socioeconómico; non obstante, ese factor non ten a correspondencia debida nos usos documentados e en xeral escritos nos mesmos sectores.

O informe sobre a *Observación no ámbito da economía e a empresa* do ano 2007,<sup>2</sup> realizado polo Observatorio da Lingua Galega, proporciona datos concretos sobre o uso do galego en empresas, comercio e banca. No que respecta ás primeiras, este estudo conclúe que a presenza do castelán é maioritaria nas empresas de Galicia no que se refire aos seus elementos de comunicación exterior e aos usos escritos internos, mentres que nas comunicacións orais internas o uso do galego é moi similar ao do castelán. Con relación ao comercio, o castelán é tamén lingua habitual nas relacións co exterior, tanto escritas como orais, mentres que nas relacións internas as porcentaxes das dúas linguas son moi semellantes. Por último, respecto á banca, o informe do Observatorio mostra que a comunicación exterior das entidades financeiras se realiza na maioría dos casos en castelán, mentres que, no ámbito interno, o galego ten unha maior representatividade.

Ademais deste informe do Observatorio da Lingua Galega, o certo é que non existen demasiados estudos en relación cos usos lingüísticos do sector económico en Galicia.

---

<sup>2</sup> OBSERVATORIO DA LINGUA GALEGA (2007): *Situación da lingua galega na sociedade. Observación no ámbito da economía e a empresa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.



Un destes documentos que analizan o uso do galego dende a óptica empresarial é a tese de doutoramento *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas*.<sup>3</sup> Nela estúdase a situación da lingua galega no sector empresarial de Galicia dende unha dobre perspectiva: en primeiro lugar, establécense os antecedentes históricos e a evolución do sector empresarial para, en segundo termo, realizar unha análise máis empírica dos seus usos sociolingüísticos nas empresas situadas no concello de Santiago de Compostela.

Dende a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) redactouse un informe do estado da lingua galega na empresa.<sup>4</sup> Os obxectivos marcados por este eran coñecer o grao de emprego do galego na empresa, afondar nas opinións e actitudes ante o seu uso e explorar en que medida se coñecen as axudas e subvencións dispoñibles ao respecto. O informe destaca, entre as conclusións, que o galego parece ter unha maior presenza no ámbito interno, entre os traballadores e traballadoras, mentres que na imaxe e nas relacións co exterior a lingua predominante é o castelán. Tamén o é na xestión da empresa e na publicidade. En canto ás opinións, son máis os que opinan que o uso do galego tería un efecto positivo na empresa.

Do ano 1997 é o traballo *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*,<sup>5</sup> un estudo que trata a elección lingüística nas actividades económicas e mercantís e a rendibilidade comercial de vender nesta lingua.

Por último, cómpre citar o informe *Lingua e responsabilidade social empresarial*,<sup>6</sup> no que se analizan as posibilidades de incorporar a lingua galega á materialidade da RSE co obxectivo de achegar propostas de actuación neste eido que sexan de utilidade para a Administración e para as empresas.

Neste contexto, a vontade da Administración autonómica é achegarse ás empresas que desenvolven a súa actividade en Galicia e, dentro desta vontade, impulsar e fomentar o emprego da lingua galega nas súas actividades en sentido amplo, xa que esta constitúe un dos principais factores de identidade e diferenciación que as empresas poden explotar á hora de vender os seus produtos ou servizos.

---

<sup>3</sup> FORMOSO GOSENDE, V. (2005): *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>4</sup> CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA (2006): *O galego e a empresa*. Santiago de Compostela.

<sup>5</sup> F. RAMALLO, F. e REI DOVAL, G. (1997): *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

<sup>6</sup> F. RAMALLO, F. e DOMÍNGUEZ, L. A. (2012): *Lingua e responsabilidade social empresarial*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Ademais, a propia Xunta, no seu Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), incluíu no eixe 4 (Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno) unha prioridade de actuación que fai referencia ao galego. Trátase da PA.4.2.Promover a lingua galega como vínculo de unión entre todas e todos os galegos.

Esta prioridade de actuación procura atinxir o seguinte obxectivo estratéxico, o OE 4.2.03: difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade, prestando especial atención á franxa de poboación máis nova, así como ao tecido económico/empresarial e ás súas relacións comerciais con países de fala portuguesa, propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego.

Polo tanto, o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico enlaza directamente con este obxectivo estratéxico do PEG, que nomea explicitamente a necesidade de prestar atención a este ámbito de cara a promover o uso da lingua galega no sector económico e empresarial.

Así mesmo, o presente plan inclúe varias medidas xerais (XE.5 e XE.6) referidas á promoción das vantaxes do galego como lingua que abre ás portas á lusofonía e a visibilización das súas potencialidades como lingua internacional de negocios, medidas que tamén enlazan directamente co devandito obxectivo estratéxico do PEG.


Así pois, coa elaboración deste plan o que se pretende é que, ao aumentar a presenza do galego no ámbito económico, isto sirva de efecto multiplicador no resto da poboación, xa que se trata dun sector fundamental e estratéxico no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe. Sen dúbida, un incremento no uso desta lingua nas empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, na súa visibilidade en todos os ámbitos.

2



## ALCANCE DO PLAN





## **“O seguimento e o control da execución garanten o cumprimento do plan”**

---

O plan de dinamización terá un alcance temporal desde o ano 2016 ata 2020. Este prazo estímase oportuno para que as empresas impulsen considerablemente a introdución do idioma galego e desenvolvan actuacións cara á súa normalización dentro das súas previsións e programas de actuación.

En 2015 púxose en marcha o proxecto, coa preparación, deseño e posterior elaboración do plan. Pero para chegar a este punto, ao longo de todo este ano iniciouse unha campaña de difusión do plan para presentárllelo ás principais organizacións interesadas, públicas e privadas, vinculadas ao mundo empresarial e tamén ás que traballan a prol do fomento da lingua galega. Deste xeito, abriuse un proceso de participación no que se contactou non só con numerosas entidades relacionadas co sector empresarial e co ámbito da lingua, senón tamén con outras de carácter público, como as distintas administracións e os diferentes órganos e departamentos dependentes da Xunta de Galicia, e entidades de perfil moi diverso, pero todas elas con importante representatividade. Grazas á implicación de todas e todos neste proceso, incluíronse no plan moitas das medidas propostas por eles, o que contribuíu ao seu enriquecemento.

Así mesmo, a través da web da Secretaría Xeral de Política Lingüística abriuse unha canle de participación para toda a cidadanía, de xeito que todo aquel que quixese podía enviar as súas suxestións e achegas ao plan.

Por outro lado, aínda que o plan establece medidas cun alcance temporal ata o ano 2020, persegue xerar unha dinámica de participación das entidades interesadas que





supoña unha continuación no tempo das actuacións neste sector de tanta importancia e transcendencia para a lingua.

Cómpre destacar, ademais, que o alcance temporal de 2020 coincide con numerosas actuacións e plans doutros ámbitos, tanto no ámbito autonómico como estatal e europeo, polo que tratará de aproveitarse desta “estabilidade” do contexto xeral, especialmente nos aspectos relacionados co orzamento e a busca de financiamento.

Intencionadamente, o plan está centrado nos aspectos prácticos relacionados coas medidas que se queren desenvolver (obxectivos, actividades e tarefas, planificación temporal etc.), dando por coñecidos e identificados aspectos máis formais (situación actual, diagnóstico, puntos fortes e febles etc.).

Así mesmo, o plan considera a súa simplicidade como un valor en si mesmo, de xeito que favoreza o achegamento a el e a participación no seu enriquecemento. Esta participación fomentárase, como xa foi mencionado con anterioridade, a través de fórmulas como os convenios de colaboración entre entidades para poñer en marcha medidas de dinamización lingüística ou a través de proxectos colaborativos. Neste sentido, será importante a utilización da Rede de Dinamización Lingüística como medio para implicar a Administración local na realización, planificación e posta en práctica das medidas deste plan.

Trátase, pois, dun plan que busca a transversalidade e a implicación de toda a sociedade, principalmente do sector empresarial, pero tamén das entidades que traballan a prol da lingua galega, para que, a través do entusiasmo, o dinamismo e o impulso común, poida a poñerse en marcha con éxito.

Por outra banda, como xa se comentou, o plan céntrase no sector 4 do PXNLG principalmente, o que non implica que, en certas ocasións, se propoñan medidas que poden afectar outros sectores que están tamén relacionados co ámbito empresarial.

Lembremos que este sector 4 (denominado Economía) está dividido no PXNLG en cinco áreas: industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo. A primeira delas, a de industria, é moi ampla e abarca múltiples sectores, razón pola que se decidiu seccionala para escoller os de maior interese para o deseño de medidas destinadas a fomentar o uso da lingua galega.

### **Perspectiva de xénero**

O presente plan tivo en conta o principio de igualdade de oportunidades e non discriminación, adoptando o enfoque de xénero dende diferentes perspectivas:



- Velando por unha correcta utilización da perspectiva de xénero nas actividades de comunicación do plan e en todo tipo de documentación, tanto interna como externa.
- Empregando unha linguaxe non sexista na documentación asociada ao propio plan e en todas as actividades previstas nel.
- Fuxindo de estereotipos sexistas nos materiais gráficos ou visuais que se utilicen.
- Promovendo unha imaxe moderna e non estereotipada das mulleres.
- Procurando a paridade entre mulleres e homes en todas as comisións que se creen ao abeiro deste plan.
- Incluindo nos indicadores a avaliación da perspectiva de xénero.

3



## ORGANIZACIÓN DO PLAN





## 3.1



### Estrutura do plan

O plan de dinamización estrutúrase principalmente arredor de tres niveis:

- **Obxectivos estratéxicos e específicos.** Os obxectivos estratéxicos expresan os fins que cómpre conseguir para poder alcanzar a visión de futuro do idioma galego no tecido económico. Son declaracións amplas, non específicas, cualitativas e sen unha data precisa. Os obxectivos específicos marcan fins concretos, principalmente dun sector ou temática particular.
- **Áreas / Liñas de actuación.** Son categorías xerais relacionadas con sectores económicos de especial importancia. Reúnen un grupo coherente de actuacións (liñas de actuacións). Poden ter relación con obxectivos específicos ou intermedios.
- **Medidas / Actuacións.** Son pasos individuais e concretos para acadar os obxectivos establecidos. As medidas poden ser descompostas en actividades ou accións concretas para un seguimento adecuado da execución.



## 3.2



# Responsabilidades do plan e plans de acción anuais

A execución deste plan está concibida para ser levada a cabo polo conxunto da sociedade, especialmente dos sectores máis relacionados coas actividades económicas. Con todo, a responsabilidade global da súa implantación correspóndelle á Xunta de Galicia.

Cada área de actuación do plan ten una persoa responsable (normalmente da Secretaría Xeral de Política Lingüística), que é a encargada de xestionar o seguimento das actividades desa área ou sector económico. Esta persoa responsable pode constituír grupos de traballo que apoién a xestión, o desenvolvemento, a mellora e o deseño de medias da área.

### **Plan de acción anual**

O plan de dinamización ponse en marcha a partir dos plans de acción anuais, elaborados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e establecidos conxuntamente entre a propia Secretaría Xeral e as consellerías e resto de entidades colaboradoras involucradas no desenvolvemento de actuacións. Deste xeito, proporciónase unha maior flexibilidade no desenvolvemento do proxecto.

O plan de acción anual tomará como base o plan de dinamización e incluírá as actuacións concretas que se van desenvolver no ano correspondente coa súa información de detalle: orzamento, metas que se deben alcanzar (valores que se deben conseguir), órganos cos que se acordou o seu desenvolvemento, indicadores de control etc.



### 3.3



## Seguimento, avaliación e control da execución do plan

### Comisión de seguimento

O seguimento e avaliación da execución do plan levarase a cabo mediante a creación dunha comisión integrada por representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, das entidades involucradas no desenvolvemento de actuacións e de entidades independentes do plan interesadas no ámbito da empresa e da lingua. A comisión deberá ter persoas coñecedoras das principais áreas (sectores económicos) consideradas neste proxecto e procurarse que haxa paridade entre homes e mulleres na elección dos seus membros.

A comisión, tomando como base o plan, aprobará o plan anual concreto de actividades que asegurará a posta en marcha das medidas e realizará o seguimento e avaliación da súa execución.

A Comisión de Seguimento, cuxos membros serán nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, estará integrada inicialmente por:

- Dúas persoas representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Dúas persoas representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias
- Unha persoa representante da Confederación de Empresarios de Galicia
- Unha persoa representante da Real Academia Galega
- Unha persoa representante do Consello da Cultura Galega



- Unha persoa representante do sector da hostalería
- Unha persoa representante do sector do comercio
- Unha persoa representante do sector da banca
- Unha persoa representante do sector das TIC
- Unha persoa representante dos sindicatos

De xeito puntual, a Comisión de Seguimento poderá incorporar anualmente novas entidades para asegurar a concreción e a posta en marcha de actividades específicas. A persoa representante de cada unha das organizacións que conforman esta comisión será designada, en cada caso, pola propia organización.

O sistema de seguimento, avaliación e control do plan será dirixido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que contará para o seu desenvolvemento coa Oficina Técnica do Plan do Observatorio da Lingua Galega ou outra entidade da mesma natureza.

O seguimento e avaliación da execución do plan terá como principais fontes de información o Plan de acción anual, os seus informes de seguimento e a memoria de actividades.

### **Informe de seguimento**

O informe de seguimento ten periodicidade anual e recolle o nivel de execución das actuacións levadas a cabo por cada órgano ou entidade comprometida na execución do Plan de acción anual. Ademais do seguimento anual (anos 2017, 2018, 2019, 2020, 2021), na metade deste período, aos seis meses (no mes de xullo), marcarase un fito de seguimento para ter información do nivel de execución das actuacións planificadas.

A Oficina Técnica do Observatorio elaborará este informe a partir da información proporcionada por cada un dos órganos e entidades executoras das accións.

O grao de avance é o indicador que mide a execución de cada medida e de cada área ao longo de todo o período de vixencia do plan.

Adicionalmente, o informe de seguimento recolle os valores alcanzados dos indicadores do plan e dos indicadores relacionados do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (especificamente o indicador de resultado IR 4.2.03 e os tres indicadores de produtividade recollidos no Anexo 1. Indicadores).

### **Memoria anual**

A memoria anual recolle a información do estado de execución do plan de dinamización en conxunto e do seu grao de avance. Tamén inclúe a información relativa aos plans de acción.



A Secretaría Xeral de Política Lingüística presentarlle cada ano á Comisión de Seguimento a memoria anual para súa aprobación.

### **Reunións de seguimento**

Co obxecto de garantir unha continuidade na execución do plan e manter a participación e a transparencia, manteranse reunións periódicas coas persoas responsables da execución que alimentarán os informes de seguimento.

Nestas reunións de seguimento poderán participar responsables de áreas e/ou participantes na elaboración e na execución do plan.

### **Control da execución**

Con base na información contida nos informes e nas reunións de seguimento e nas memorias anuais de execución do plan, a Secretaría Xeral de Política Lingüística establecerá as prioridades inmediatas e decidirá as accións correctivas e de control que sexan necesarias para garantir a execución do plan.

### **Comunicación e difusión da execución do plan**

A execución do plan seralles comunicada aos distintos grupos e entidades de interese, así como outros colectivos e persoas individuais sensibilizadas coa dinamización da lingua galega.

### **Avaliación do plan**

Alén do seguimento das actuacións do plan, e aproveitando os seus resultados, realizarase unha avaliación que permita a valoración, análise e axuízamento do plan no seu conxunto. A avaliación realizaraa de xeito conxunto a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Comisión de seguimento e levarase a cabo de forma continua, intermedia cada dous anos e ao final do período (nos anos 2017, 2019 e 2020), unha vez presentados os informes de seguimento e a memoria anual.

A avaliación orientarase cara aos resultados e seguirá un modelo baseado en criterios. Os criterios serán os seguintes: eficacia (grao de alcance dos obxectivos e resultados), satisfacción (valoración dos colectivos destinatarios), sustentabilidade (mantemento dos efectos positivos no tempo) e cobertura (grao de equilibrio entre os colectivos destinatarios).



4



## **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OPERATIVOS**





## “Obxectivos enfocados cara ao mundo da empresa”

---

O plan estrutúrase a partir de cinco obxectivos estratéxicos principais que se descompoñen en varios obxectivos operativos. Tres deles están tomados do PXNLG, pero reformuláronse para darlle un enfoque máis empresarial e achegalos máis ao destinatario final, isto é, o mundo da empresa. Así mesmo, polo mesmo motivo, engadíronse dous obxectivos novos, os que aparecen a continuación en último lugar:

### Obxectivos estratéxicos:

- Crear conciencia de que o uso do galego **favorece os resultados e obxectivos empresariais** e as relacións laborais, comerciais e bancarias.
- **Estender o uso da lingua galega** no ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta como na demanda de produtos e servizos.
- Utilizar o galego para impulsar unha **imaxe de marca diferencial** propia de Galicia e os seus produtos que estea **vinculada á calidade e á innovación** e que lles transmita **confianza** ás persoas consumidoras e ao empresariado.

En canto aos obxectivos operativos, serven para concretar e desenvolver os obxectivos estratéxicos e permitirán facer un mellor seguimento e avaliación do grao de cumprimento das medidas incluídas no plan:



### **Obxectivos operativos:**

- Evidenciar que o uso do galego é un importante factor de calidade no trato e na relación coa clientela.
- Facer visibles as vantaxes que pode supoñer o emprego do galego tanto para a empresa individual (proximidade, diferenciación, confianza, innovación etc.) como para o conxunto socioeconómico.
- Promover decididamente o establecemento da oferta positiva nas relacións coa clientela.
- Facer visible o uso do galego nas actividades empresariais de uso cotián.
- Crear unha dinámica de desenvolvemento crecente de actuacións a prol da lingua no sector da economía, que sexa sostible a medio e longo prazo. Amosar estas actuacións, os seus actores e os seus resultados.
- Implicar as propias empresas e entidades empresariais no desenvolvemento de actuacións a prol da lingua galega.
- Establecer unha dinámica de participación e coordinación das empresas e entidades (privadas e públicas) que están a traballar a prol do galego, apoialas decididamente e recoñecer o seu traballo.
- Impulsar o proceso polo que as administracións públicas deben promover a lingua galega nas relacións contractuais, de tal forma que a contratación pública inspire un modelo de boas prácticas para normalizar un uso cotián do galego na documentación interna e externa que xera.





5



**ÁREAS**





## “Os sectores económicos configuran as áreas de actuación”

---

O PXNLG divide, como xa se comentou, o sector da economía en **cinco áreas**: industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo.

Cómpre ter en conta que a primeira das áreas identificadas no PXNLG, a de industria, é moi ampla e abarca múltiples sectores para os que se poderían planificar medidas lingüísticas de carácter específico que poidan acaerlles mellor tendo en conta a actividade que desenvolven.

Neste sentido, resultou interesante, para establecer estes subsectores, ter en conta a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) que, nun primeiro nivel, establece os seguintes:

- A. Agricultura
- B. Industrias extractivas
- C. Industria manufactureira
- D. Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado
- E. Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación
- F. Construción
- G. Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas



- H. Transporte e almacenamento
- I. Hostalería
- J. Información e comunicacións
- K. Actividades financeiras e de seguros
- L. Actividades inmobiliarias
- M. Actividades profesionais, científicas e técnicas
- N. Actividades administrativas e servizos auxiliares
- O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria
- P. Educación
- Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais
- R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
- S. Outros servizos
- T. Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico
- U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

Destes subsectores, desbotáronse, á hora de establecer actividades de dinamización lingüística, os seguintes por entender que se encadran noutros sectores dentro do PXNLG:

- J. Información e comunicacións (sector 3)
- O. Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (sector 1)
- P. Educación (sector 2)
- Q. Actividades sanitarias (sector 5) e de servizos sociais (área 2 do sector 6)
- R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento (áreas 5 e 6 do sector 6)

Ademais, por resultar excesivo seleccionar todos os subsectores que se recollen nos CNAE, escolléronse os que se consideraron máis relevantes dentro do tecido empresarial galego, así como os que teñen maior impacto na sociedade e, xa que logo, poden exercer máis influencia e ter unha maior visibilidade á hora de poñer en marcha medidas de dinamización lingüística. Así, ademais do comercio, a banca e a hostalería recollidos no propio PXNLG, seleccionáronse, polo seu particular interese, outros



ámbitos como a hostalería, a industria alimentaria, a construción ou entidades do tipo xestorías, asesorías, aseguradoras...

Cómpre ter en conta que, malia tomar como referencia o sector 4 do PXNLG, puntualmente tócanse algunhas áreas doutros sectores deste que poden afectar ás empresas por considerarse especialmente relevantes. É o caso dalgunhas medidas destinadas aos seguintes grupos:

- Empresas TIC: o sector das novas tecnoloxías cítase como área transversal dentro do PXNLG, con obxectivos específicos, pero sen incluír medidas concretas para aplicar nel.
- Entidades intermedias/servizos empresariais: área 5 (Notarías e outros servizos documentais e de xestión) do sector 1 (Administración).
- Publicidade: moitas medidas relacionadas co ámbito da publicidade aparecen na área 1 (Medios de comunicación) do sector 3 (Medios de comunicación e industrias culturais).

Así pois, finalmente, estas son as áreas nas que se van agrupar as diferentes medidas do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico:

1. **Hostalería**
2. **Comercio**
3. **Alimentación**
4. **TIC**
5. **Construción e inmobles**
6. **Banca**
7. **Asesoramento e intermediación**
8. **Axencias de publicidade**
9. **Relacións laborais**
10. **Cooperativismo**

Ademais destas áreas, estableceuse un apartado de **medidas xerais**, no que se inclúen actuacións aplicables para todo tipo de empresas e que non son específicas de ningunha das áreas anteriormente citadas.





Moitas das medidas recollidas neste plan foron tomas directamente do PXNLG, por ser este o documento de partida, pero foron adaptadas ao contexto actual e reformuladas para darlle unha maior orientación empresarial e unha maior concreción. Como xa se comentaba no PXNLG, ao tratarse dun sector tan complexo e diverso, cómpre axustar as actuacións en función do tipo de empresa, tendo en conta a súa localización (urbana/rural), o tamaño, o sector etc., co obxectivo de acadar un maior éxito na consecución dos obxectivos e poder facer un mellor seguimento e avaliación das medidas aplicadas.



## 5.1



### Hostalería

O deseño de medidas para o fomento do uso da lingua galega en bares, restaurantes e demais instalacións hostaleiras e hoteleiras xustifícase no elevado número deste tipo de establecementos existentes en Galicia. Por este motivo, considerouse un ámbito de actuación prioritario, posto que o impacto das actuacións pode ser moi grande e chegaría a boa parte da poboación, ademais de servir de atractivo para as persoas de visitan Galicia, por exemplo, a través do camiño de Santiago.

O sector da hostalería conta cunha grande importancia no conxunto de Galicia, xa que a súa ampla distribución en toda o territorio da comunidade, tanto no ámbito urbano coma no rural, constata que a gastronomía goza hoxe en día dun grande arraigo na cultura tradicional e moderna galega. Así mesmo, en canto aos usos lingüísticos, trátase dun tipo de negocio no que se produce unha interacción directa cunha gran variedade de clientela, tanto oralmente (atención ao público telefónica e presencial) como por escrito (cartas, facturas etc.).

#### **Obxectivos:**

- Promover o establecemento da oferta positiva de atender a clientela en galego como práctica habitual.
- Convencer as persoas responsables de bares e restaurantes e hostaleiros/as de que utilizar o galego constitúe un factor de calidade e de proximidade na atención á clientela.
- Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega á súa actividade.



### 5.2



## Comercio

Esta é unha área que xa recolle o PXNLG e é ademais á que lle dedica maior espazo e maior número de medidas. Preténdese neste novo plan específico para o sector da economía fomentar o emprego da lingua galega no pequeno comercio e tamén en grandes áreas e centros comerciais. Igual ca na área de hostalería, o elevado número deste tipo de establecementos fai que sexa un ámbito de actuación prioritario, pois as medidas poden ter un impacto moi grande. Cómpre ter en conta a importancia no trato coa clientela, sobre todo, cando falamos do pequeno comercio ou as prazas e mercados de abastos. Neste caso, a proximidade e a diferenciación con respecto ás grandes superficies poden ter na lingua galega outro trazo de distinción. Respecto aos centros comerciais, non se pode obviar a súa forte presenza principalmente nas áreas urbanas, as máis castelanizadas, e tamén o tipo de público que frecuenta estas superficies, das que é asidua a xente nova. De aí a importancia de intervir nestes establecementos e aumentar a presenza do galego neles.

#### **Obxectivos:**

- Alentar as empresas a valorar os beneficios derivados da incorporación da lingua galega ás actividades comerciais.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender a clientela en galego como práctica comercial habitual.
- Convencer as persoas responsables de pequenos comercios de que vender en galego constitúe un factor de calidade na atención á clientela.



## 5.3



### Alimentación

O deseño de medidas para o fomento da lingua galega nas actividades da cadea alimentaria (desde a produción ata a comercialización) resulta prioritario, pois estas empresas teñen a responsabilidade de escoller a lingua que desexan para os seus produtos: a etiquetaxe, a distribución, a publicidade... Cómpre ter en conta que, ademais, é unha área moi vinculada co sector primario (principalmente, agricultura, gandería e pesca), cunha forte presenza en Galicia. A lingua galega pode converterse neste caso nun elemento distintivo do produto, un elemento que, ademais, dá unha idea de proximidade, de calidade e de confianza, polo tanto, un factor positivo de cara ás súas vendas.

#### **Obxectivos:**

- Convencer as persoas responsables destas empresas de que utilizar o galego constitúe un factor de calidade e de distinción do seu produto fronte á competencia.
- Potenciar o uso do galego como indicativo identitario dos produtos alimentarios.
- Asociar o uso do galego aos produtos locais e de proximidade.
- Estender o uso do galego na etiquetaxe dos produtos de Galicia.



### 5.4



### TIC

O sector das tecnoloxías ten un peso fundamental na sociedade da información e o coñecemento e na dinámica da competitividade empresarial. Por este motivo, introducíronse as empresas deste sector no plan, coa finalidade de establecer medidas que axuden a aumentar a presenza do galego nas TIC: aplicacións, recursos informáticos, internet, redes sociais...

É, así mesmo, un sector cunhas características propias moi diferenciais. Por unha banda, é o intermediario na introdución da tecnoloxía nas empresas. Por outra, ten a lingua como principal código que afecta á información e á comunicación das persoas en multitude de formatos, soportes e canles.

#### **Obxectivos:**

- Fomentar a presenza do galego nas tecnoloxías da información e o coñecemento e na telefonía móbil.
- Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.
- Potenciar a presenza da lingua galega no campo dos contidos electrónicos e, especialmente, en internet.
- Promover a utilización do dominio .gal nas webs das empresas.



## 5.5



### Construción e inmobles

O sector inmobiliario conta cun peso importante na economía galega, tanto en zonas urbanas como rurais, de aí o seu especial interese. Ten, pois, unha ampla implantación en todo o territorio, mesmo en núcleos de pouca poboación.

É, ademais, un sector no que se establecen múltiples relacións e contactos con outros sectores vinculados a esta actividade (electricidade, fontanería, fabricación de materiais, carpintería etc.), razón polo que o seu impacto pode ser moi destacado.

Cómpre ter en conta, así mesmo, o elevado número de persoas que traballa neste sector ou nos sectores relacionados, polo que a programación de actividades de fomento do galego neste ámbito pode afectar a un bo número de traballadores/as. Tradicionalmente, ademais, foi un sector bastante galeguizado no que respecta á comunicación oral entre o persoal, algo que podería favorecer a implantación de medidas destinadas ao fomento do galego nas relacións de carácter interno.

#### **Obxectivos:**

- Estender o uso do galego a todas as actividades da cadea de valor da construción, nos diferentes subsectores relacionados pola actividade económica.
- Estender o uso normal do galego nas actividades e na comunicación de carácter interno das empresas.
- Estender o uso do galego na imaxe e na rotulación das empresas da construción, así como nas obras que estas realizan (carteis informativos, publicidade, sinalización etc.).
- Promover que os futuros profesionais da construción e dos sectores relacionados con esta teñan as competencias e as ferramentas necesarias para poder desenvolver a súa actividade en galego.



### 5.6



## Banca

É outra das áreas de actuación xa previstas no PXNLG, no que se recollen medidas para o fomento da lingua galega nas entidades bancarias. Neste novo plan para o sector económico considérase tamén estratéxico, pola súa forte presenza en todo o territorio e tamén polo trato moi directo coa clientela, de aí a importancia de incrementar o uso do galego nesta área, malia nos últimos anos os cambios no sector bancario levaren a un incremento do uso desta lingua debido á busca de proximidade e de confianza da clientela.

#### **Obxectivos:**

- Estender a práctica entre as entidades bancarias de utilizar a lingua galega na documentación informativa e contractual, nos servizos en liña e na atención ao público.
- Promover o establecemento da oferta positiva de atender a clientela en galego como práctica habitual na banca.



## 5.7



### Asesoramento e intermediación

Nesta área faise referencia, principalmente, a entidades do tipo xestorías e asesorías, aseguradoras, despachos de avogados, administradores de comunidades... cunha importante relación coa clientela, ademais de servir, moitas delas, de intermediarias entre esta e a Administración. Por este motivo, considerouse un sector estratéxico para intervir e mellorar a presenza do galego, pois son entidades tradicionalmente pouco galeguizadas e que están moi vinculadas aos usos da clientela e xeran moita documentación importante pola súa visibilidade e repercusión, sobre todo, porque inician expedientes.

#### **Obxectivos:**

- Introducir o galego neste tipo de entidades e convertela en lingua de traballo.
- Garantir que todas estas entidades ofrezan os seus servizos en galego.
- Xerar entre as persoas consumidoras unha demanda do galego nos servizos que ofrecen estas empresas.





### 5.8



## Axencias de publicidade

A publicidade constitúe un sector clave, xa que exerce unha grande influencia nas estratexias comunicativas de moitas outras empresas para as que as axencias traballan. A súa influencia respecto aos hábitos e á conduta da poboación é innegable. Existen ademais estudos que inciden na boa acollida da publicidade en galego por parte das persoas consumidoras. Por este motivo, propóñense neste plan medidas destinadas a aumentar a presenza do galego neste ámbito, xa que o seu impacto pode ser moi alto.

Ademais, experiencias positivas e de grande éxito nos últimos anos demostran que uso do galego na publicidade constitúe un factor de diferenciación e de proximidade de cara aos consumidores.

#### **Obxectivos:**

- Incrementar a presenza da lingua galega na publicidade comercial.
- Concienciar as persoas responsables das axencias publicitarias de que o galego axuda a vender e que engade valores positivos na propia mensaxe.



## 5.9



### Relacións laborais

Nesta área, recollida no PXNLG coa denominación de “Área 5. Traballo”, faise referencia ás relacións laborais, no marco das que se pretenden deseñar medidas que consigan incrementar a presenza do galego, nas negociacións entre axentes sociais, nos convenios colectivos, nas organizacións responsables (sindicatos e patronal) etc.

**Obxectivos:**

- Xeneralizar o uso do galego como lingua de traballo e das relacións laborais.
- Asegurar unha maior presenza do galego nas carreiras técnicas, na formación profesional e no ensino non regrado.
- Comprometer os distintos axentes, como asociacións empresariais, cámaras de comercio, colexios profesionais, asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, sindicatos e outras organizacións de traballadores/as, no proceso normalizador da lingua galega.
- Garantir o dereito das persoas traballadoras a utilizar a lingua galega nas súas relacións laborais.



### 5.10



## Cooperativismo

Esta é outra das áreas expresamente citadas no PXNLG. A súa importancia deriva do elevado número de cooperativas existentes Galicia, sobre todo, relacionadas co sector primario. Dado o compromiso, a sensibilidade e a forte relación deste tipo de fórmulas empresarias co contorno no que se insiren, semella que pode ser un ámbito de interese á hora de introducir medidas encamiñadas a aumentar o uso do galego nas cooperativas.

#### **Obxectivos:**

- Promover nas cooperativas de Galicia o uso da lingua galega como lingua de relación interna entre os seus asociados e asociadas e de uso administrativo na documentación que a súa actividade xere.
- Potenciar que as cooperativas galegas empreguen a lingua galega nas relacións comerciais coa súa clientela e como indicativo identitario dos seus produtos.
- Fixar, a través do Consello Galego de Cooperativas, máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo en Galicia, un marco xeral de colaboración entre a Xunta e as diferentes cooperativas para a elaboración de plans de galeguización adaptados a cada unha delas en función da súa actividade e as súas necesidades.



6



# MEDIDAS





## **“Medidas dinamizadoras que buscan a implicación ampla do tecido económico e social”**

---

A continuación enuméranse as medidas que este plan prevé para implantar no sector económico ata 2020 co obxectivo de aumentar a presenza e a utilización do galego neste ámbito. Trátase de medidas realistas, acordes co actual contexto económico e pensadas para unha execución progresiva ao longo de todo o período previsto.

As medidas agrúpanse por sectores por varios motivos. En primeiro lugar, cómpre sinalar que non todo o mundo ten a mesma visión dos sectores e, no caso deste plan, están configurados desde o punto de vista da posta en marcha de actuacións de dinamización da lingua galega.

Así mesmo, hai que ter en conta que non todos os sectores son iguais, cada un ten unha dinámica de actividade homoxénea e específica, o que implica que sexa conveniente deseñar medidas de dinamización lingüística concretas para cada un deles. Por outro lado, o propio mundo empresarial está organizado en sectores, polo cal parece lóxico e axeitado seguir neste plan ese mesmo criterio.

Outra das filosofías destas medidas é o criterio do fomento da lingua galega coa implicación doutros, isto é, que desde o órgano promotor se impulse a participación de todos os actores relacionados co sector da economía para poñer en marcha as actuacións previstas neste plan.

O criterio para a selección dos sectores que se inclúen neste plan foi, principalmente, a súa representatividade desde diferentes ópticas: pola súa importante implantación no



territorio, como é o caso da hostalería, o comercio ou a construción; pola súa posición destacada na sociedade actual, como é o caso das TIC ou a publicidade; polo seu contacto coa clientela ou persoas usuarias, como no caso das asesorías e as xestorías, a banca ou tamén a hostalería e o comercio...

Coa maioría das medidas búscase obter o maior impacto posible, no sentido de que os seus resultados sexan visibles ante a sociedade e poder así motivar a posta en marcha dun número de actuacións crecente. Alén diso, procurouse que as medidas fosen o máis concretas posible, co obxectivo de que poidan ser facilmente cuantificadas e de que se poida facer un seguimento da súa evolución. Este seguimento poderá ampliar o nivel de detalle das actuacións no avance da execución do plan.

Outra das posibilidades que ofrece esta división en sectores consiste en poder agrupar as actuacións en proxectos a medida que se desenvolvan os plans anuais, en función das entidades que interveñan na súa posta en marcha.

Por último, cómpre sinalar que se inclúe no plan un grupo de medidas denominadas xerais que están pensadas para poder aplicalas a calquera sector, mesmo os mencionados explicitamente no plan. De feito, dentro deste grupo aparecen medidas que logo se repiten en diferentes sectores nos cales se considera importante a súa execución. Isto está feito así conscientemente, co obxectivo de asegurar deste xeito a súa posta en marcha e poder realizar un maior control destas actuacións.



## 6.1



### Medidas xerais

#### **XE.1. Colaboración e coordinación cos órganos e entidades da Xunta de Galicia para aumentar a eficacia das actividades da Administración**

Fomentar a colaboración e a coordinación entre entidades e organismos públicos para promover e dinamizar do uso do galego, realizar actividades, intercambiar información etc., o que implica desenvolver medidas de carácter interno para a propia Administración.

#### **XE.2. Colaboración coas entidades asociativas empresariais para apoialas e promover actividades a prol do galego**

Colaborar con entidades asociativas (cámaras de comercio, asociacións empresariais, colexios profesionais...) para apoialas e promover actividades e para dotalas de medios que promovan e faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actividades (boletíns, revistas e ferramentas de comunicación, xornadas e encontros, cursos e seminarios, traducións, documentos de uso frecuente, promoción de produtos e marcas etc.).

#### **XE.3. Apoio á creación de redes de empresas e empresarios/as para o fomento do galego**

Apoiar a creación de grupos e redes de empresas para o fomento do galego para o fortalecemento das actuacións das entidades participantes e un mellor aproveitamento das súas experiencias. Preténdese así poñer en contacto as empresas que xa teñen implantado o galego como lingua de uso habitual para que compartan e intercambien experiencias e incorporar tamén entidades que xa traballan a prol do uso do galego na actividade empresarial.

#### **XE.4. Promover e apoiar a visibilidade do uso do galego a través da publicidade e a sinalización interna e externa das áreas comerciais e empresariais e das empresas**

Fomentar que a sinalización das áreas de acceso ou os corredores, as mensaxes de comunicación, os aparcadoiros ou a publicidade dos servizos comúns das áreas comerciais estean en galego, así como que se use esta lingua nos puntos de





información ou na megafonía. Fomentar que a sinalización de parques e zonas empresariais estean tamén en galego.

### **XE.5. Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á lusofonía**

Promover e difundir os beneficios que o galego achega para a internacionalización e mostrarlle ao empresariado as vantaxes competitivas que presenta o galego nos países de fala portuguesa, así como ofrecerlle as ferramentas necesarias para establecer relacións comerciais con eles.

### **XE.6. Actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios**

Realizar actividades que mostren as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios pola súa proximidade ao portugués.

### **XE.7. Actividades de promoción nos medios de comunicación para o reforzamento do galego no ámbito socioeconómico**

Realizar actividades de promoción nos medios de comunicación para reforzar o galego no ámbito socioeconómico a través da posta en marcha de campañas en diferentes medios que expliquen as vantaxes do uso do galego nas empresas.

### **XE.8. Actividades para instituír o Día da Galeguidade Empresarial coa finalidade de crear unha referencia cronolóxica importante para conmemorar o uso do galego nas empresas**

Levar a cabo actividades polo Día da Galeguidade Empresarial en colaboración con outras entidades, de maneira que esta celebración se converta nunha data de referencia no mundo da empresa en Galicia, emulando a celebración doutras efemérides de éxito como o Día das Letras Galegas ou o Día Internacional da Lingua Materna.

### **XE.9. Promoción do galego na etiquetaxe de produtos**

Poñer en marcha campañas de promoción do galego na etiquetaxe, principalmente nos produtos de maior consumo, de proximidade e de calidade.

### **XE.10. Establecemento dun proceso de participación para recoller propostas de dinamización do galego no eido económico**

Establecer un proceso de participación para recoller propostas de dinamización a través dunha consulta a organismos públicos (Xunta de Galicia e Administración local) e outro tipo de entidades relacionadas co mundo da lingua e tamén da empresa (asociacións empresariais, asociacións de promoción do galego, entidades culturais etc.) para que enriquezan o plan coas súas achegas e incorporen novas medidas.

### **XE.11. Accións de promoción da lingua no marco da responsabilidade social empresarial (RSE)**

Posta en marcha de accións de promoción da lingua no marco da responsabilidade social empresarial (RSE) coa definición de actuacións para incluír o impulso á lingua



galega dentro das temáticas de RSE co apoio dos órganos da Xunta con competencias nesta materia. Trátase de que a lingua, igual que a ecoloxía, a cultura, o desenvolvemento sostible etc., se converta nun axente activo máis dentro da política de RSE das empresas e de que estas se convenzan dos beneficios de incorporar o galego á súa política. O seu uso pode ser unha marca de diferenciación e de calidade do servizo e achega unha imaxe de proximidade e de confianza.

#### **XE.12. Desenvolvemento e difusión de bases terminolóxicas das diferentes ramas profesionais**

Creación de bases terminolóxicas para as diferentes ramas profesionais cos termos de uso máis habitual nas diferentes profesións e difusión destes traballos entre as entidades do sector empresarial. As bases poderían estar organizadas baixo o criterio das áreas funcionais das empresas (comercial, vendas, xerencia, administración, calidade, persoal etc.) e tamén particularizadas e ampliadas para diferentes sectores de interese (construción, alimentación etc). Poderíanse complementar coa tradución ao inglés e ao portugués, para dar un maior servizo e facilitar o contacto con outros mercados, especialmente coa lusofonía. En canto á difusión, estas bases de datos estarán dispoñibles nun espazo web que inclúa diferentes recursos lingüísticos para todos os sectores empresariais, un espazo web que formará parte do punto de atención á empresa en temas de lingua que está previsto crear no marco deste plan.

#### **XE.13. Elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa**

Realizar un decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa cun argumentario que explique os beneficios que ten a utilización da lingua galega na actividade empresarial e difusión deste entre os axentes destinatarios.

#### **XE.14. Elaboración e difusión dunha guía de boas prácticas e casos de éxito de uso do galego na empresa**

Elaborar unha guía de boas prácticas e de casos de éxito que recolla experiencias positivas, innovadoras e con notoriedade na utilización do galego na actividade diaria da empresa (rotulación, comunicacións externas, trato á clientela, publicidade...) e difusión desta guía dentro do ámbito empresarial.

#### **XE.15. Estudo de viabilidade de utilización de distintivos de recoñecemento de uso da lingua galega na empresa**

Realizar un estudo sobre o alcance que tería a implantación de distintivos para as empresas que sirva de recoñecemento para as que incorporan o galego á súa actividade diaria, co obxectivo de determinar cal pode ser o tipo de distinción máis axeitada.

#### **XE.16. Punto de atención á empresa en temas de lingua**

Poñer en marcha un punto de atención á empresa en temas de lingua exclusivo para elas destinado ao asesoramento nesta materia e con información e atención personalizada para consultas lingüísticas, ferramentas informáticas, documentación etc. a través dun portal no que se inclúan modelos de documentos, glosarios,



dicionarios, guías para a implantación do galego, ferramentas de autoavaliación lingüística...

### **XE.17. Coordinación e acordo para a realización en galego dos cursos de formación contratados pola Xunta e os seus organismos dependentes**

Continuar e intensificar a realización en galego dos cursos de formación, segundo o establecemento duns criterios, contratados pola Xunta, os seus organismos dependentes e as entidades coas que teña establecidas colaboracións, xa que iso podería ter impacto no sector das empresas e os centros de formación.

### **XE.18. Apoio á realización de actividades destinadas ao empresariado e ao persoal directivo que salienten a importancia e as vantaxes do uso do galego**

Apoio ás actividades dirixidas ao empresariado e ao persoal directivo que salienten a importancia e as vantaxes do uso do galego, especialmente as organizadas por entidades públicas, escolas empresariais, entidades de formación, universidades etc.

### **XE.19. Campaña de comunicación que lle dea ao galego unha imaxe de lingua maioritaria, útil e emerxente, asociada ao progreso e con valor económico e social**

Campaña nos medios de comunicación que dea do galego unha imaxe de lingua maioritaria, propia e emerxente e que a asocie ao progreso social e económico e que faga ver que a lingua ten valor económico.

### **XE.20. Realización dunha campaña a prol da oferta positiva na atención á clientela**

Realizar unha campaña para promover a oferta positiva nas empresas, que sinala as súas vantaxes e as implicacións que ten no trato á clientela.

### **XE.21. Colaboración na edición e difusión de publicacións empresariais para a dinamización do galego**

Colaboración con revistas e outro tipo de publicacións en lingua galega na súa edición e na súa posterior difusión, así como na elaboración e difusión de documentos de uso frecuente por un elevado número de empresas: lexislación, estándares e normas (como a ISO, por exemplo), regulamentos etc.

### **XE.22. Apoio ás actividades realizadas nos medios de comunicación dixitais para a dinamización do galego no eido empresarial**

Apoiar o traballo que desenvolven os medios de comunicación dixitais en galego a prol do fomento desta lingua no ámbito empresarial.

### **XE.23. Realización de materiais de formación sobre a atención á clientela baixo o criterio da oferta positiva**

Realizar materiais formativos que expliquen como realizar a atención á clientela en galego baixo o criterio da oferta positiva.



## 6.2



### Medidas para a hostalería

**HO.1. Colaboración coas asociacións e entidades do sector hostaleiro para empregar o galego nas actividades de promoción económica do sector**

Establecer canles de colaboración coas asociacións ou outro tipo de entidades vinculadas á hostalería para que introduzan o galego nas actividades de promoción económica deste sector.

**HO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora da hostalería a través a promoción do uso do idioma galego**

Establecer canles de colaboración coa Administración local, principalmente a través da Rede de Dinamización Lingüística, para, a través do fomento do galego, dinamizar e mellorar as condicións deste sector.

**HO.3. Actividades da Rede de Dinamización Lingüística que apoien o uso do galego no sector da hostalería a través das TIC: internet, redes sociais, xeolocalización etc.**

Realizar actividades no marco da Rede de Dinamización Lingüística destinadas ao sector da hostalería que vinculen o uso do galego e as novas tecnoloxías, de maneira que a través da promoción do idioma os establecementos acaden unha maior presenza en internet, nas redes sociais etc.

**HO.4. Realización de actividades de información sobre a importancia do galego como lingua vehicular coa clientela**

Realizar campañas sobre a importancia do galego como lingua vehicular e de inicio nas relacións que se establezan coa clientela que incidan nos beneficios desta oferta positiva, a través de campañas, xornadas informativas, difusión dun decálogo de vantaxes de uso do galego, folletos divulgativos etc. e convencelos de que é un atractivo importante para as persoas que veñen de fóra de Galicia.



### **HO.5. Apoio na elaboración e difusión de materiais de uso e comunicación coa clientela en galego: manteis, menús, cartas etc.**

Apoiar no deseño, na elaboración e na difusión de materiais en galego de uso frecuente por parte da clientela, como poden ser manteis, menús, cartas, tarxetas etc.

### **HO.6. Elaboración e entrega de materiais e ferramentas de apoio ao uso do galego**

Elaborar e difundir materiais e ferramentas de apoio destinadas ao sector para a elaboración de cartas, menús... en lingua galega (vocabularios específicos, dicionarios...) e difusión destes materiais entre os establecementos hostaleiros en diferentes formatos (papel e electrónico).

### **HO.7. Actividades de difusión do galego específicas en festas e datas sinaladas**

Poñer en marcha actividades de difusión do galego específicas en datas sinaladas nas que a gastronomía teña unha especial relevancia (Entroido, Nadal, magosto etc.).

### **HO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos galegos específicos para o ámbito da hostalería**

Crear unha web con recursos lingüísticos específicos para o ámbito da hostalería (vocabularios, dicionarios etc.) e difundir esta información entre os establecementos interesados. Este espazo web estará incluído dentro do punto de atención á empresa en temas de lingua, unha actuación prevista no marco deste plan que incluírá recursos lingüísticos para os diferentes sectores empresariais, entre os que non podía faltar un ámbito de tanta relevancia como o da hostalería, de gran presenza en todo o territorio e no que o contacto coa clientela ten unha importancia fundamental.



## 6.3



### Medidas para o comercio

**CO.1. Colaboración con entidades comerciais no emprego do galego nas actividades de promoción económica do sector**

Establecer canles de colaboración coas asociacións ou outro tipo de entidades vinculadas ao comercio para que introduzan o galego nas actividades de promoción económica deste sector.

**CO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora do comercio a través da promoción do emprego do idioma galego**

Establecer canles de colaboración coa Administración local, principalmente a través da Rede de Dinamización Lingüística, para, a través do fomento do galego, dinamizar e mellorar as condicións deste sector.

**CO.3. Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular coa clientela**

Poñer en marcha unha campaña de difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular coa clientela para concienciar os e as comerciantes dos beneficios desta oferta positiva.

**CO.4. Deseño de materiais de comunicación e de uso pola clientela en galego**

Deseñar diferentes materiais de comunicación e de uso por parte da clientela en galego, como poden ser bolsas, tarxetas, tickets, facturas etc.

**CO.5. Actividades de comunicación para promover o uso do galego no pequeno comercio**

Realizar actividades de comunicación para fomentar o emprego do galego no pequeno comercio, nas que se incida en que a utilización desta lingua é un factor de calidade, de confianza e de achegamento á clientela.

**CO.6. Actividades de comunicación estacionais e de celebración en datas sinaladas**

Poñer en marcha actividades de comunicación en galego específicas en épocas de grande actividade para o sector do comercio (Nadal e rebaixas, por exemplo).



### **CO.7. Apoiar as actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector**

Prestarlles apoio ás actividades que recoñezan actuacións de promoción do galego postas en marcha polo pequeno comercio.

### **CO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para os comerciantes**

Poñer en marcha unha web que conteña as ferramentas e os recursos específicos existentes relacionados co sector do comercio (vocabularios, dicionarios etc.) e dar a coñecer esta información entre os establecementos interesados. Este espazo web formará parte do xa mencionado punto de atención á empresa en temas de lingua, un servizo destinado aos diferentes sectores empresariais no que se recollerán recursos lingüísticos de utilidade para cada dun deles, entre eles o comercio.

### **CO.9. Achegamento ás grandes marcas para normalizar o galego**

Contactar coas grandes marcas comerciais para fomentar o uso do galego e convencelas dos beneficios de incorporar esta lingua nos rótulos, a etiquetaxe, a publicidade, a atención á clientela etc.

### **CO.10. Achegamento ás zonas e centros comerciais para normalizar o galego**

Establecer contactos coas zonas e centros comerciais para impulsar a normalización do uso do galego na sinalización, rotulación, publicidade, atención á clientela etc.



## 6.4



# Medidas para o sector da alimentación

### **AL.1. Colaboración con entidades asociativas e cooperativas para o uso do idioma galego nas actividades de promoción económica do sector**

Establecer canles de colaboración coas asociacións ou outro tipo de entidades, como as cooperativas, vinculadas á industria da alimentación para que introduzan o galego nas actividades de promoción económica deste sector.

### **AL.2. Colaboración coas administracións locais para a utilización do idioma galego na dinamización e mellora do sector alimentario**

Establecer canles de colaboración coa Administración local, principalmente a través da Rede de Dinamización Lingüística, para, a través do fomento do galego, dinamizar e mellorar as condicións deste sector.

### **AL.3. Promoción da etiquetaxe dos produtos en galego**

Realizar unha campaña de promoción da etiquetaxe en galego dalgún subsector estratéxico ou prioritario da industria alimentaria galega.

### **AL.4. Apoio ás actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector**

Prestar apoio ás actividades que recoñezan actuacións de promoción do galego postas en marcha pola industria alimentaria.

### **AL.5. Creación dun espazo web con empresas da industria alimentaria que empregan o galego**

Crear un espazo con recursos lingüísticos de utilidade para o sector da industria alimentaria, que formará parte do punto de atención á empresa en temas de lingua, ao lado doutros sectores empresariais recollidos no presente plan.

### **AL.6. Promoción dos produtos alimentarios de calidade asociándoos á lingua**

Realizar unha campaña en galego de promoción dos produtos alimentarios de calidade, especialmente os de máis sona.





### **AL.7. Colaboración con entidades xestoras da calidade para promover o uso do galego**

Establecer colaboracións con entidades xestoras da calidade para fomentar o uso do galego e que esta lingua se asocie con valores tradicionais, de orixe e confianza no produto.

### **AL.8. Colaboración cos mercados para promover o uso do galego nas súas actividades e na súa dinamización e mellora**

Colaborar cos mercados para fomentar o uso do galego na súa actividade diaria e contribuír así á dinamización destes espazos onde o trato e a proximidade coa clientela é fundamental.

### **AL.9. Achegamento aos distribuidores e grandes cadeas para normalizar o uso do galego**

Contactar con distribuidores e grandes cadeas comerciais de alimentación para promover o emprego do galego nestas superficies e en toda a publicidade que xeran.



## 6.5



### Medidas para o sector TIC

**TI.1. Establecer convenios cos grandes fabricantes das TIC para incluír o galego nos equipos e programas**

Establecer convenios cos grandes fabricantes de novas tecnoloxías (principalmente de software e operadores de telecomunicacións, nacionais e internacionais) para que inclúan o idioma galego nas interfaces de usuario dos equipos e os programas informáticos.

**TI.2. Solicitarlles ás empresas e entidades TIC a conveniencia de empregar o galego na súa páxina web e nas redes sociais**

Trasladarlles ás empresas e ás entidades vinculadas coas TIC a conveniencia de empregar o galego na súa páxina web e nas redes sociais e transmitirles a importancia de utilizar e apoiar esta lingua e incluíla nos seus produtos (opción de múltiples idiomas, localización, tradución).

**TI.3. Apoiar as empresas que desenvolvan software para que inclúan de base a localización do idioma galego nos seus produtos**

Informar estas empresas dos beneficios que proporciona o galego na proximidade á clientela, na diferenciación etc., especialmente se unha porcentaxe elevada da súa clientela está en Galicia, ou como lingua que abre as portas ao mercado lusófono pola súa proximidade co portugués. Tamén se lles pode entregar o decálogo de vantaxes do galego e fomentar que leven a cabo actividades de dinamización lingüística no marco da RSE.

**TI.4. Achegarlles recursos lingüísticos en galego ás empresas do sector TIC para que o empreguen nos seus desenvolvementos**

Proporcionarlles ás empresas do sector das novas tecnoloxías as ferramentas e os recursos lingüísticos necesarios para que os empreguen nos seus desenvolvementos.



**TI.5. Apoiar e establecer colaboracións cos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC para fomentar a súa actividade en galego, especialmente na súa relación cos asociados**

Colaborar con colexios e asociacións profesionais do sector das novas tecnoloxías para que desenvolvan a súa actividade en galego e que esta lingua sexa a de uso preferente na relación coas persoas usuarias.

**TI.6. Apoiar a inclusión dunha nova categoría de premio á actividade a prol da lingua galega nos galardóns actuais dos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC**

Apoiar o establecemento dunha nova categoría nos premios dos colexios e as asociacións do sector TIC na que se recoñeza o uso do galego nas empresas deste ámbito.

**TI.7. Achegarlles ás empresas e entidades do sector información sobre as vantaxes do galego na empresa**

Proporcionarlles ás empresas e entidades relacionadas co sector das novas tecnoloxías información dos beneficios que lles pode achegar o emprego da lingua galega.

**TI.8. Contactar coas novas empresas e *start-ups* TIC (e cos seus viveiros) e transmitir-lles a importancia de usar e apoiar o galego e incluílo nos seus produtos**

Establecer contacto con estas empresas de nova creación para que consideren a importancia de empregar o galego e para que o inclúan nos seus produtos.

**TI.9. Apoiar e facilitar as actividades dos grupos de tradución das interfaces das aplicacións e servizos electrónicos libres para avanzar na súa galeguización**

Prestar apoio para a tradución das interfaces das aplicacións e os servizos electrónicos libres para facilitar o labor dos grupos que realizan esta tarefa.

**TI.10. Establecer colaboracións cos grandes provedores de servizos web de mapas para a súa galeguización**

Colaborar cos grandes provedores de servizos web de mapas para que estean dispoñibles en lingua galega con especial atención ao uso das formas correctas da toponimia.



## 6.6



# Medidas para o sector de construción e inmobles

### **CN.1. Fomento da existencia de recursos, materiais e bases de datos de uso público que utilizan as empresas, os profesionais e os axentes do sector da construción**

Revisar e actualizar as bases de datos de utilidade para o sector para posibilitar que estean dispoñibles en galego: Código técnico de edificación e Banco de prezos da construción e edificación de Galicia.

### **CN.2. Elaboración de documentos e manuais de uso polas empresas, as traballadoras e os traballadores e os axentes do sector da construción**

Elaborar documentos e manuais de uso frecuente (guías de construción e rehabilitación, informe de avaliación de edificios etc.) por parte dos profesionais da construción para que estean dispoñibles en lingua galega.

### **CN.3. Campaña de promoción de uso do galego nas empresas do sector da construción**

Realizar unha campaña destinada a promover o emprego do galego nas empresas da construción (carteis, rotulación, paneis de obras etc.).

### **CN.4. Actualización e ampliación da terminoloxía específica dos subsectores e oficios do sector da construción**

Actualizar e ampliar os recursos terminolóxicos relacionados cos diferentes subsectores e oficios vinculados coa construción e difusión destes para que se estenda o seu uso a través, entre outros, do punto de atención á empresa.

### **CN.5. Promoción da realización de contratos e rexistros nas operacións económicas de compra e venda de inmobles e solo**

Fomentar o emprego do galego na realización de contratos e rexistros de compra e venda de inmobles e de solo.



## 6.7



### Medidas para a banca

**BA.1. Achegamento e establecemento de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego**

Contactar coas principais entidades bancarias para establecer un marco de colaboración en materia de promoción do galego, con diferentes medidas para incorporar esta lingua na actividade diaria das sucursais: documentación para a clientela, caixeiros automáticos, carteis informativos, banca electrónica, atención ao público, oferta positiva, establecemento de criterios lingüísticos, contestadores automáticos, formación para o persoal, páxina web, publicidade...

**BA.2. Establecemento de colaboración coas fundacións das entidades bancarias para estender o uso do galego nas súas actividades**

Colaborar coas fundacións das entidades bancarias, especialmente as de Galicia, para iniciar a implantación de medidas destinadas á galeguización das entidades.

**BA.3. Establecer acordos de colaboración específicos para poñer en práctica a oferta positiva na atención á clientela**

Establecer acordos para que na selección de persoal do sector bancario, especialmente daquel destinado á atención directa ao público, se garanta a competencia lingüística en galego que permita poñer en práctica a oferta positiva.



## 6.8



## Medidas para o sector de asesoramento e intermediación

**AS.1. Achegamento e colaboración cos colexios profesionais e asociacións deste sector para promover o uso do galego**

Colaborar cos colexios profesionais vinculados a este sector para fomentar que usen o galego na súa actividade diaria.

**AS.2. Creación e difusión dun espazo web con recursos específicos para o sector**

Elaboración dunha web con recursos específicos para este tipo de entidades con modelos de documentos e outro tipo de ferramentas de utilidade para elas (glosarios, tradutores, dicionarios etc.). Este espazo web formará parte do punto de atención á empresa en temas de lingua, un servizo no que se incluírán diferentes recursos lingüísticos de utilidade para as empresas.

**AS.3. Promoción da creación de grupos de xestorías e asesorías que usan o galego**

Impulsar a creación de grupos de xestorías e asesorías que usan o galego coa posta en marcha dun espazo web ou unha rede social para a difusión de iniciativas nesta lingua que levan a cabo este tipo de empresas e coa creación de directorios nos que se inclúan estes negocios.



## 6.9



# Medidas para as axencias de publicidade

### **PU.1. Actividades informativas que salienten as vantaxes de facer a publicidade en galego**

Realizar campañas informativas que salienten a posibilidade de facer a publicidade en galego e os seus beneficios para as empresas, mediante a creación dun argumentario no que se expliquen as vantaxes da publicidade feita nesta lingua en termos de proximidade, calidade etc. e no que se poña en valor o éxito de campañas xa feitas en galego.

### **PU.2. Promoción e colaboración no establecemento de premios que recoñezan o labor das empresas e persoas do sector da publicidade no uso do galego**

Fomentar e colaborar con premios que recoñezan o labor das empresas e persoas pertencentes ao sector da publicidade que usan o galego na súa actividade.

### **PU.3. Promoción da creación de grupos de axencias e publicistas que usan o galego**

Apoiar a creación de grupos nos que participen axencias de publicidade e publicistas que empregan de xeito habitual o galego coa posta en marcha dun espazo web ou unha rede social que difunda as iniciativas nesta lingua que levan a cabo e coa creación de directorios nos que se inclúan estes negocios e estes profesionais.



## 6.10



### Medidas para a área das relacións laborais

**TR.1. Promover un acordo específico no diálogo social sobre a utilización e uso normal do galego nas actividades económicas e nas empresas**

Impulsar un acordo entre os axentes sociais para que o galego se converta en lingua de uso habitual nas diferentes actividades económicas e nas empresas.

**TR.2. Promover a redacción e a tradución dos convenios colectivos en galego**

Fomentar que os convenios colectivos se redacten en galego ou se traduzan a esta lingua.

**TR.3. Desenvolver actividades de información e formación sobre a importancia do uso do galego na negociación colectiva, na empresa e coa clientela conforme a oferta positiva**

Poñer en marcha actividades informativas e formativas, en colaboración cos axentes sociais, que incidan na importancia de empregar o galego na negociación colectiva, nas empresas e no trato coa clientela desde a perspectiva da oferta positiva.





## 6.11



### Medidas para o cooperativismo

**CP.1. Achegamento ás asociacións de cooperativas para promover o uso do galego nas actividades económicas**

Establecer contacto coas asociacións de cooperativas para trasladarlles as vantaxes de empregar o galego nas súas actividades económicas.

**CP.2. Apoio e impulso do uso do galego como lingua corporativa das cooperativas**

Impulsar o uso do galego como lingua corporativa que evidencie a capacidade desta lingua para crear vínculos de unión asociados a valores positivos (seguridade, fiabilidade, homoxeneidade, calidade etc.).

**CP.3. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para as cooperativas**

Poñer en marcha unha web de conteña recursos lingüísticos de utilidade para as cooperativas e que faciliten a galeguización da súa actividade e dos seus produtos. Esta web incluírase, xunto con outras doutros sectores, no punto de atención á empresa en temas de lingua, un servizo de referencia para o mundo empresarial con ferramentas lingüísticas para facilitar a realización do seu traballo en galego.

**CP.4. Achegamento aos representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade**

Establecemento de contactos coas principais cooperativas dos sectores máis representativos para trasladarlles a importancia de introducir o galego na súa actividade como marca de proximidade, calidade e diferenciación.



7



# CRONOGRAMA





## **“Cada ano ponse o foco nun determinado sector empresarial”**

---

Este apartado reúne diferentes cronogramas coa programación das medidas contidas no plan nos diferentes períodos anuais da súa execución.

As medidas de cada área concéntranse en determinados anos, normalmente consecutivos, malia isto ser así só en parte, xa que os sectores teñen actividades en todos os anos, só que as intensidades de actuación se focalizan en determinados períodos.

A continuación preséntanse os cronogramas de cada área coas medidas individualizadas. Convén sinalar, como criterio de base, que as actividades de promoción e establecemento de contactos e relacións son as que se manteñen de xeito uniforme a través dos períodos anuais.



## Medidas xerais:

Medidas xerais	2016	2017	2018	2019	2020
XE.1. Colaboración e coordinación cos órganos e entidades da Xunta de Galicia para aumentar a eficacia das actividades da Administración					
XE.2. Colaboración coas entidades asociativas empresariais para apoialas e promover actividades a prol do galego					
XE.3. Apoio á creación de redes de empresas e empresarios para o fomento do galego					
XE.4. Promover e apoiar a visibilidade do uso do galego a través da publicidade e a sinalización interna e externa das áreas comerciais e empresariais e das empresas					
XE.5. Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á lusofonía					
XE.6. Actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios					
XE.7. Actividades de promoción nos medios de comunicación para o reforzamento do galego no ámbito socioeconómico					
XE.8. Actividades para instituír o Día da Galeguidade Empresarial coa finalidade de crear unha referencia cronolóxica importante para conmemorar o uso do galego nas empresas					
XE.9. Promoción do galego na etiquetaxe de produtos					
XE.10. Establecemento dun proceso de participación para recoller propostas de dinamización do galego no eido económico					
XE.11. Accións de promoción da lingua no marco da responsabilidade social empresarial (RSE)					
XE.12. Desenvolvemento e difusión de bases terminolóxicas das diferentes ramas profesionais					
XE.13. Elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa					
XE.14. Elaboración e difusión dunha guía de boas prácticas e casos de éxito de uso do galego na empresa					
XE.15. Estudo de viabilidade de utilización de distintivos de recoñecemento de uso da lingua galega na empresa					
XE.16. Punto de atención á empresa en temas de lingua					
XE.17. Coordinación e acordo para a realización en galego dos cursos de formación contratados pola Xunta e os seus organismos dependentes					
XE.18. Apoio á realización de actividades destinadas ao empresariado e ao persoal directivo que salienten a importancia e as vantaxes do uso do galego					
XE.19. Campaña de comunicación que lle dea ao galego unha imaxe de lingua maioritaria, útil e emerxente, asociada ao progreso e con valor económico e social					
XE.20. Realización dunha campaña a prol da oferta positiva na atención á clientela					
XE.21. Colaboración na edición e difusión de publicacións empresariais para a dinamización do galego					
XE.22. Apoio ás actividades realizadas nos medios de comunicación dixitais para a dinamización do galego no eido empresarial					
XE.23. Realización de materiais de formación sobre a atención ao cliente baixo o criterio da oferta positiva					



### Medidas para a hostalería:

Medidas hostalería	2016	2017	2018	2019	2020
HO.1. Colaboración coas asociacións e entidades do sector hostaleiro para empregar o galego nas actividades de promoción económica do sector					
HO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora da hostalería a través a promoción do uso do idioma galego					
HO.3. Actividades da Rede de Dinamización Lingüística que apoien o uso do galego no sector da hostalería a través das TIC: internet, redes sociais, xeolocalización etc.					
HO.4. Realización de actividades de información sobre a importancia do galego como lingua vehicular con clientes					
HO.5. Apoio na elaboración e difusión de materiais de uso e comunicación cos cliente en galego: manteis, menús, cartas etc.					
HO.6. Elaboración e entrega de materiais e ferramentas de apoio ao uso do galego					
HO.7. Actividades de difusión do galego específicas en festas e datas sinaladas					
HO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos galegos específicos para o ámbito da hostalería					

### Medidas para o comercio:

Medidas comercio	2016	2017	2018	2019	2020
CO.1. Colaboración con entidades comerciais no emprego do galego nas actividades de promoción económica do sector					
CO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora do comercio a través da promoción do emprego do idioma galego					
CO.3. Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular con clientes					
CO.4. Deseño de materiais de comunicación e de uso polo cliente en galego					
CO.5. Actividades de comunicación para promover o uso do galego no pequeno comercio					
CO.6. Actividades de comunicación estacionais e de celebración en datas sinaladas					
CO.7. Apoiar as actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector					
CO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para os comerciantes					
CO.9. Achegamento ás grandes marcas para normalizar o galego					
CO.10. Achegamento ás zonas e centros comerciais para normalizar o galego					

### Medidas para o sector da alimentación:

Medidas alimentación	2016	2017	2018	2019	2020
AL.1. Colaboración con entidades asociativas e cooperativas para o uso do idioma galego nas actividades de promoción económica do sector					
AL.2. Colaboración coas administracións locais para a utilización do idioma galego na dinamización e mellora do sector alimentario					
AL.3. Promoción da etiquetaxe dos produtos en galego					
AL.4. Apoio ás actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector					
AL.5. Creación dun espazo web con empresas da industria alimentaria que empregan o galego					
AL.6. Promoción dos produtos alimentarios de calidade asociándoos á lingua					
AL.7. Colaboración con entidades xestoras da calidade para promover o uso do galego					
AL.8. Colaboración cos mercados para promover o uso do galego nas súas actividades e na súa dinamización e mellora					
AL.9. Achegamento aos distribuidores e grandes cadeas para normalizar o uso do galego					

**Medidas para o sector TIC:**

Medidas TIC	2016	2017	2018	2019	2020
TI.1. Establecer convenios cos grandes fabricantes das TIC para incluír o galego nos equipos e programas					
TI.2. Solicitarlles ás empresas e entidades TIC a conveniencia de empregar o galego na súa páxina web e nas redes sociais					
TI.3. Apoiar as empresas que desenvolvan software para que inclúan de base a localización do idioma galego nos seus produtos					
TI.4. Achegarlles recursos lingüísticos en galego ás empresas do sector TIC para que o empreguen nos seus desenvolvementos					
TI.5. Apoiar e establecer colaboracións cos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC para fomentar a súa actividade en galego, especialmente na súa relación cos asociados					
TI.6. Apoiar a inclusión dunha nova categoría de premio á actividade a prol da lingua galega nos galardóns actuais dos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC					
TI.7. Achegarlles ás empresas e entidades do sector información sobre as vantaxes do galego na empresa					
TI.8. Contactar coas novas empresas e starts-ups TIC (e cos seus viveiros) e transmitirles a importancia de usar e apoiar o galego e incluílo nos seus produtos					
TI.9. Apoiar e facilitar as actividades dos grupos de tradución das interfaces das aplicacións e servizos electrónicos libres para avanzar na súa galeguización					
TI.10. Establecer colaboracións cos grandes provedores de servizos web de mapas para a súa galeguización					

**Medidas para o sector de construción e inmobles:**

Medidas construción e inmobles	2016	2017	2018	2019	2020
CN.1. Fomentar a existencia de recursos, materiais e bases de datos de uso público que utilizan as empresas, os profesionais e os axentes do sector da construción					
CN.2. Elaboración de documentos e manuais de uso polas empresas, os traballadores e os axentes do sector da construción					
CN.3. Campaña de promoción de uso do galego nas empresas do sector da construción					
CN.4. Actualización e ampliación da terminoloxía específica dos subsectores e oficios do sector da construción					
CN.5. Promoción da realización de contratos e rexistros nas operacións económicas de compra e venda de inmobles e solo					

**Medidas para a banca:**

Medidas banca	2016	2017	2018	2019	2020
BA.1. Achegamento e establecementos de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego					
BA.2. Establecemento de colaboración coas fundacións das entidades bancarias para estender o uso do galego nas súas actividades					
BA.3. Establecer acordos de colaboración específicos para poñer en práctica a oferta positiva na atención á clientela					



### Medidas para o sector de asesoramento e intermediación:

Medidas do sector de asesoramento e intermediación	2016	2017	2018	2019	2020
AS.1. Achegamento e colaboración cos colexios profesionais e asociacións deste sector para promover o uso do galego					
AS.2. Creación e difusión dun espazo web con recursos específicos para o sector					
AS.3. Promoción da creación de grupos de xestorías e asesorías que usan o galego					

### Medidas para as axencias de publicidade:

Medidas publicidade	2016	2017	2018	2019	2020
PU.1. Actividades informativas que salienten as vantaxes de facer a publicidade en galego					
PU.2. Promoción e colaboración no establecemento de premios que recoñezan o labor das empresas e persoas do sector da publicidade no uso do galego					
PU.3. Promoción da creación de grupos de axencias e publicistas que usan o galego					

### Medidas para a área das relacións laborais:

Medidas da área das relacións laborais	2016	2017	2018	2019	2020
TR.1. Promover un acordo específico no diálogo social sobre a utilización e uso normal do galego nas actividades económicas e nas empresas					
TR.2. Promover a redacción e a tradución dos convenios colectivos en galego					
TR.2. Desenvolver actividades de información e formación sobre a importancia do uso do galego na negociación colectiva, na empresa e coa clientela conforme á oferta positiva					

### Medidas para as cooperativas:

Medidas de cooperativas	2016	2017	2018	2019	2020
CP.1. Achegamento ás asociacións de cooperativas para promover o uso do galego nas actividades económicas					
CP.2. Apoio e impulso do uso do galego como lingua corporativa das cooperativas					
CP.3. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para as cooperativas					
CP.4. Achegamento aos representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade					



8



# ORZAMENTOS





## **“Ademais dos recursos económicos están a decisión e a implicación”**

---

Os recursos públicos da Xunta de Galicia recollidos nos orzamentos de 2016 alcanzarán os 877.728 euros.

A partir de 2016, con carácter orientativo, estímase que os recursos públicos previstos nos orzamentos anuais seguirán a seguinte distribución:

Orzamentos anuais:

2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
877.728	964.607	1.061.061	1.114.111	1.169.820	5.187.327

Así pois, o orzamento total estimado é de **5.187.327 euros**.



Para os anos 2016 a 2020, o detalle do orzamento por áreas estratéxicas é o seguinte:

Áreas/Liñas estratéxicas	2016	2017	2018	2019	2020	Total
Medidas xerais	687.703	705.990	748.705	810.084	912.217	3.864.699
Med. sectoriais	190.025	241.519	254.761	279.118	229.820	1.195.243
Rel. laborais		7.124	18.580	16.245	23.153	65.102
Cooperativismo		9.974	39.015	8.664	4.630	62.283
<b>Total</b>	<b>877.728</b>	<b>964.607</b>	<b>1.061.061</b>	<b>1.114.111</b>	<b>1.169.820</b>	5.187.327





## **ANEXO I. INDICADORES**





## **“Indicadores, responsables e colaboradores para facilitar o seguimento e o control do plan”**

---

A continuación reflíctense os cadros coas medidas de actuación de xeito individualizado. Cada medida leva aparellados uns indicadores que permiten a posterior avaliación da execución. Cómpre destacar que os indicadores se elixiron para que puidesen ser obtidos de xeito fácil e que non incrementasen a carga de traballo. A medida que as actividades se poñan en marcha, e segundo cada caso, os indicadores poden refinarse e incidir nun maior nivel de detalle: segmentación por sector económico, por provincia etc. e por xénero nos indicadores relacionados coas persoas.

Ademais, os indicadores do plan alimentarán os indicadores do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e especificamente:

- o indicador de resultado (IR 4.2.03. Persoas de actividades de difusión, dinamización e normalización: por sector económico, mocidade, familia, sector académico)
- os tres indicadores de produtividade (actuacións de formación e dinamización, campañas de promoción e subvencións para a promoción da lingua galega).

A modo de resumo, a continuación recóllense os diferentes tipos de indicadores iniciais que se van considerar:

- Número de entidades participantes (empresas, asociacións, organismos públicos etc.)



- Número de actividades desenvolvidas
- Número de entidades contactadas
- Número de persoas participantes
- Número de impactos/audiencia alcanzada
- Número de invitacións
- Número de redes creadas
- Porcentaxe de realización da medida
- Número de materiais
- Número de acordos ou convenios
- Número de recursos

Así mesmo, tal como se sinala no apartado de organización do plan, cada área de medidas ten asociado o órgano responsable da xestión da súa execución e do seu control, que normalmente serán os diferentes departamentos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, co fin de distribuír a carga de traballo e as responsabilidades. Cada medida tamén leva aparellado o tipo de entidade colaboradora que convén que interveña na execución das medidas. A táboa recolle de xeito abreviado os seguintes tipos de entidades:

- Asoc: asociacións, normalmente de carácter empresarial ou lingüístico.
- Emp: empresas
- Univ: universidades
- C.Form: centros de formación
- A.Loc: administracións locais
- Xunta: Xunta de Galicia

Para completar os principais elementos de control, só restaría a concreción das metas (o valor numérico) ou o obxectivo que se pretende alcanzar na execución das medidas, o que deberá formar parte do Plan de acción que se lle propón no inicio de cada ano á Comisión de Seguimento para a súa aprobación.



A continuación inclúense as táboas de medidas cos indicadores e o resto da información asociada.

### Medidas xerais:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Medidas xerais</b>		
XE.1. Colaboración e coordinación cos órganos e entidades da Xunta de Galicia para aumentar a eficacia das actividades da Administración	Núm. de órganos e entidades participantes	Xunta
XE.2. Colaboración coas entidades asociativas empresariais para apoialas e promover actividades a prol do galego	Núm. de entidades participantes	Xunta
XE.3. Apoio á creación de redes de empresas e empresarios para o fomento do galego	Núm. de invitacións. Núm. de redes creadas	Asoc, Xunta
XE.4. Promover e apoiar a visibilidade do uso do galego a través da publicidade e a sinalización interna e externa das áreas comerciais e empresariais e das empresas	Núm. de entidades contactadas	Xunta
XE.5. Promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á lusofonía	Núm. de actividades	Xunta
XE.6. Actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Xunta
XE.7. Actividades de promoción nos medios de comunicación para o reforzamento do galego no ámbito socioeconómico	Núm. de actividades. Núm. de impactos/ audiencia	Xunta
XE.8. Actividades para instituír o Día da Galeguidade Empresarial coa finalidade de crear unha referencia cronolóxica importante para conmemorar o uso do galego nas empresas	Núm. de actividades	Asoc, Xunta
XE.9. Promoción do galego na etiquetaxe de produtos	Núm. de actividades. Núm. de impactos/ audiencia	Emp, Asoc, Xunta
XE.10. Establecemento dun proceso de participación para recoller propostas de dinamización do galego no eido económico	Núm. de entidades participantes	Emp, Asoc, Xunta
XE.11. Accións de promoción da lingua no marco da responsabilidade social empresarial (RSE)	Núm. de actividades	Xunta
XE.12. Desenvolvemento e difusión de bases terminolóxicas das diferentes ramas profesionais	Núm. de actividades	Xunta
XE.13. Elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa	% de realización. Núm. actividades	Univ, C.Form.
XE.14. Elaboración e difusión dunha guía de boas prácticas e casos de éxito de uso do galego na empresa	% de realización. Núm. actividades	Asoc, Xunta
XE.15. Estudo de viabilidade de utilización de distintivos de recoñecemento de uso da lingua galega na empresa	% de realización	Xunta
XE.16. Punto de atención á empresa en temas de lingua	% de realización	Xunta
XE.17. Coordinación e acordo para a realización en galego dos cursos de formación contratados pola Xunta e os seus organismos dependentes	Núm. entidades participantes	Xunta
XE.18. Apoio á realización de actividades destinadas ao empresariado e ao persoal directivo que salienten a importancia e as vantaxes do uso do galego	Núm. actividades	Univ, C.Form, Xunta
XE.19. Campaña de comunicación que lle dea ao galego unha imaxe de lingua maioritaria, útil e emerxente, asociada ao progreso e con valor económico e social	Núm. de actividades. Núm. de impactos/ audiencia	Xunta
XE.20. Realización dunha campaña a prol da oferta positiva na atención á clientela	Núm. de actividades. Núm. de impactos/ audiencia	Asoc, Xunta
XE.21. Colaboración na edición e difusión de publicacións empresariais para a dinamización do galego	Núm. de realizacións. Núm. de actividades de difusión	Asoc, Xunta
XE.22. Apoio ás actividades realizadas nos medios de comunicación dixitais para a dinamización do galego no eido empresarial	Núm. de actividades	Xunta
XE.23. Realización de materiais de formación sobre a atención ao cliente baixo o criterio da oferta positiva	Núm. de materiais	Univ, Xunta





## Medidas para a hostalería:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Hostalería</b>		
HO.1. Colaboración coas asociacións e entidades do sector hostaleiro para empregar o galego nas actividades de promoción económica do sector	Núm. de entidades participantes	Asoc, Xunta
HO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora da hostalería a través a promoción do uso do idioma galego	Núm. de entidades participantes	A.Loc, Xunta
HO.3. Actividades da Rede de Dinamización Lingüística que apoiem o uso do galego no sector da hostalería a través das TIC: internet, redes sociais, xeolocalización etc.	Núm. de actividades	Asoc, A.Local, Xunta
HO.4. Realización de actividades de información sobre a importancia do galego como lingua vehicular con clientes	Núm. de actividades	Asoc, Xunta
HO.5. Apoio na elaboración e difusión de materiais de uso e comunicación cos clientes en galego: manteis, menús, cartas etc.	Núm. entidades. Núm. de materiais	Asoc, Xunta
HO.6. Elaboración e entrega de materiais e ferramentas de apoio ao uso do galego	Núm. entidades. Núm. de materiais	Xunta
HO.7. Actividades de difusión do galego específicas en festas e datas sinaladas	Núm. de actividades	Asoc, Xunta
HO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos galegos específicos para o ámbito da hostalería	% de realización	Asoc, Xunta

## Medidas para o comercio:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Comercio</b>		
CO.1. Colaboración con entidades comerciais no emprego do galego nas actividades de promoción económica do sector	Núm. de entidades participantes	Asoc, Xunta
CO.2. Colaboración coas administracións locais na dinamización e mellora do comercio a través da promoción do emprego do idioma galego	Núm. de entidades participantes	A.Loc, Xunta
CO.3. Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular con clientes	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
CO.4. Deseño de materiais de comunicación e de uso polo cliente en galego	Núm. entidades. Núm. de materiais	Asoc, Xunta
CO.5. Actividades de comunicación para promover o uso do galego no pequeno comercio	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
CO.6. Actividades de comunicación estacionais e de celebración en datas sinaladas	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
CO.7. Apoiar as actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
CO.8. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para os comerciantes	% de realización	Asoc, Xunta
CO.9. Achegamento ás grandes marcas para normalizar o galego	Núm. de entidades participantes	Emp.
CO.10. Achegamento ás zonas e centros comerciais para normalizar o galego	Núm. de entidades participantes	Asoc.



### Medidas para o sector da alimentación:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Alimentación</b>		
AL.1. Colaboración con entidades asociativas e cooperativas para o uso do idioma galego nas actividades de promoción económica do sector	Núm. de entidades participantes	Asoc, Xunta
AL.2. Colaboración coas administracións locais para a utilización do idioma galego na dinamización e mellora do sector alimentario	Núm. de entidades participantes	A.Loc, Xunta
AL.3. Promoción da etiquetaxe dos produtos en galego	Núm. de entidades contactadas	Xunta
AL.4. Apoio ás actividades de recoñecemento ao emprego do galego no sector	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
AL.5. Creación dun espazo web con empresas da industria alimentaria que empregan o galego	% de realización	Xunta
AL.6. Promoción dos produtos alimentarios de calidade asociándoos á lingua	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Xunta
AL.7. Colaboración con entidades xestoras da calidade para promover o uso do galego	Núm. de entidades contactadas	Xunta
AL.8. Colaboración cos mercados para promover o uso do galego nas súas actividades e na súa dinamización e mellora	Núm. de entidades contactadas	Asoc, A.Loc, Xunta
AL.9. Achegamento aos distribuidores e grandes cadeas para normalizar o uso do galego	Núm. de entidades contactadas	Emp.

### Medidas para o sector TIC:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>TIC</b>		
Ti.1. Establecer convenios cos grandes fabricantes das TIC para incluír o galego nos equipos e programas	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta
Ti.2. Solicitarlles ás empresas e entidades TIC a conveniencia de empregar o galego na súa páxina web e nas redes sociais	Núm. de entidades contactadas	Asoc.
Ti.3. Apoiar as empresas que desenvolvan software para que inclúan de base a localización do idioma galego nos seus produtos	Núm. de entidades contactadas	Asoc.
Ti.4. Achegarlles recursos lingüísticos en galego ás empresas do sector TIC para que o empreguen nos seus desenvolvementos	Núm. de recursos	Xunta
Ti.5. Apoiar e establecer colaboracións cos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC para fomentar a súa actividade en galego, especialmente na súa relación cos asociados	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Asocs.
Ti.6. Apoiar a inclusión dunha nova categoría de premio á actividade a prol da lingua galega nos galardóns actuais dos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asocs.
Ti.7. Achegarlles ás empresas e entidades do sector información sobre as vantaxes do galego na empresa	Núm. entidades. Núm. de materiais	Asocs.
Ti.8. Contactar coas novas empresas e starts-ups TIC (e cos seus viveiros) e transmitir-lles a importancia de usar e apoiar o galego e incluílo nos seus produtos	Núm. entidades contactadas	Asocs.
Ti.9. Apoiar e facilitar as actividades dos grupos de tradución das interfaces das aplicacións e servizos electrónicos libres para avanzar na súa galeguización	Núm. de actividades. Núm. de entidades	Asocs.
Ti.10. Establecer colaboracións cos grandes provedores de servizos web de mapas para a súa galeguización	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta



## Medidas para o sector de construción e inmobles:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Construción e inmobles</b>		
CN.1. Fomentar a existencia de recursos, materiais e bases de datos de uso público que utilizan as empresas, os profesionais e os axentes do sector da construción	Núm. de materiais. Núm. de impactos	Xunta
CN.2. Elaboración de documentos e manuais de uso polas empresas, os traballadores e os axentes do sector da construción	Núm. de materiais. Núm. de impactos	Xunta
CN.3. Campaña de promoción de uso do galego nas empresas do sector da construción	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Xunta
CN.4. Actualización e ampliación da terminoloxía específica dos subsectores e oficios do sector da construción	Núm. de materiais. Núm. de impactos	Xunta
CN.5. Promoción da realización de contratos e rexistros nas operacións económicas de compra e venda de inmobles e solo	Núm. entidades contactadas	Xunta

## Medidas para a banca:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Banca</b>		
BA.1. Achegamento e establecementos de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta
BA.2. Establecemento de colaboración coas fundacións das entidades bancarias para estender o uso do galego nas súas actividades	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta
BA.3. Establecer acordos de colaboración específicos para poñer en práctica a oferta positiva na atención á clientela	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta

## Medidas para o sector de asesoramento e intermediación:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Asesoramento e intermediación</b>		
AS.1. Achegamento e colaboración cos colexios profesionais e asociacións deste sector para promover o uso do galego	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Asoc, Xunta
AS.2. Creación e difusión dun espazo web con recursos específicos para o sector	% de realización	Asoc, Xunta
AS.3. Promoción da creación de grupos de xestións e asesorías que usan o galego	Núm. de invitacións. Núm. de grupos creados	Asoc, Xunta

## Medidas para as axencias de publicidade:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Publicidade</b>		
PU.1. Actividades informativas que salienten as vantaxes de facer a publicidade en galego	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
PU.2. Promoción e colaboración no establecemento de premios que recoñezan o labor das empresas e persoas do sector da publicidade no uso do galego	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc.
PU.3. Promoción da creación de grupos de axencias e publicistas que usan o galego	Núm. de invitacións. Núm. de grupos creados	Asoc, Xunta



### Medidas para a área de relacións laborais:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Área de relacións laborais</b>		
TR.1. Promover un acordo específico no diálogo social sobre a utilización e uso normal do galego nas actividades económicas e nas empresas	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta
TR.2. Promover a redacción e a tradución dos convenios colectivos en galego	Núm. de materiais	Asoc.
TR.3. Desenvolver actividades de información e formación sobre a importancia do uso do galego na negociación colectiva, na empresa e coa clientela conforme a oferta positiva	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc.

### Medidas para as cooperativas:

Áreas e medidas	Indicadores	Colaboran
<b>Cooperativismo</b>		
CP.1. Achegamento ás asociacións de cooperativas para promover o uso do galego nas actividades económicas	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Xunta
CP.2. Apoio e impulso do uso do galego como lingua corporativa das cooperativas	Núm. de actividades. Núm. de impactos	Asoc, Xunta
CP.3. Creación dun espazo web con recursos lingüísticos específicos para as cooperativas	% de realización	Asoc, Xunta
CP.4. Achegamento aos representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade	Núm. de entidades contactadas. Núm. acordos	Asoc, Xunta

**10**



## **ANEXO II. PROCESO PARTICIPATIVO**





## **“O plan enriqueceuse coa participación de todas e todos”**

---

Coa finalidade de implicar a todos os axentes relacionados co mundo empresarial e coa lingua galega, e a toda a sociedade en xeral, abriuse un período de consultas dirixido a todas as entidades e persoas interesadas en participar na elaboración deste plan, para que puidesen enviar as súas achegas.

Para levar a cabo este proceso elaborouse un cuestionario que se lle enviou a un gran número de organizacións sociais e administracións públicas. Este cuestionario, ademais, adaptouse en función da natureza da entidade, de maneira que se estableceron tres grupos:

- Órganos e entes públicos da Xunta de Galicia
- Administración local: concellos, deputacións e Fegamp
- Organizacións de diferente tipo relacionadas co ámbito socioeconómico e coa lingua galega

Os envíos ao primeiro grupo dos órganos e entidades dependentes da Xunta de Galicia realizouse por medio das secretarías xerais das distintas consellerías, da Vicepresidencia e da Presidencia.

Os envíos ás administracións locais realizáronse por medio da Dirección Xeral de Administración Local.



No caso do terceiro grupo, para facer a selección das entidades, tomáronse como referencia, principalmente, as incluídas na Guía da Comunicación de Galicia, ás que se engadiron outras consideradas de especial relevancia. Dado que a guía contén un elevado número de organizacións (sectoriais, provinciais, comarcais etc.), elixíronse as de maior implantación (asociacións de ámbito provincial e da comunidade autónoma, e tamén federacións ou entidades asociativas que reunían outras asociacións). Nalgúns casos, os envíos fixéronse tamén a varias delegacións das entidades. Finalmente, o total de envíos estivo cerca dos trescentos (286).

Ademais, calquera persoa ou organización podía participar no proceso e enviar as súas achegas a través dun cuestionario dispoñible no portal web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O cuestionario informaba da elaboración do plan e pedía a participación da entidade solicitándolle que fixera achegas ao documento. Acompañouse do Documento estrutural básico, documento previo ao plan que contén os seus obxectivos, as fases de elaboración do proxecto, algunhas das medidas iniciais propostas, e as entidades implicadas e outras informacións. Finalmente, o número de achegas recibidas foi de trescentas catorce (314).

A continuación, móstrase a relación de organizacións contactadas no grupo de entidades.

- A Mesa pola Normalización Lingüística
- AECC. Asociación Española de Centros Comerciales
- AGAEN: Clúster Galego do Autoconsumo Enerxético
- Agrupación Empresarial Innovadora Termal de Galicia
- ALTAGA (Asociación de Licenciados en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos de Galicia).
- Amizade, Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Pontevedra
- ANPE Sindicato Independiente
- Área Central C. C. Empresarial e de Negocios
- Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
- ASEGAL - Asociación de Secretari@s y Asistentes de Dirección de Galicia
- Asociación Clúster del Naval Gallego
- Asociación Coruñesa de Empresarios do Transporte
- Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales e Especiais
- Asociación de Academias de Ferrol y Comarca
- Asociación de Artes Gráficas e Impresión de Galicia
- Asociación de Comerciantes e Industriais de Marín (ACIMA)
- Asociación de Comerciantes Ferrolanos



- Asociación de Consignatarios y Estibadores (PROAMAR)
- Asociación de Defensa Sanitario-Gandeira de Troita de Galicia (ADSG Atrugal)
- Asociación de Empresarios da Grela
- Asociación de Empresarios de Ferrolterra
- Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca
- Asociación de Empresarios de Hostelería
- Asociación de Empresarios e Profesionais Compostela Monumental
- Asociación de Empresas Consignatarias e Estibadores de Buques da Provincia de Pontevedra
- Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e as Novas Tecnoloxías (EGANET)
- Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia
- Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, ETSE de Telecomunicacións
- Asociación de Fabricantes de Ladrillos Refractarios e Gres de Pontevedra
- Asociación de Industriais Metalúrxicos
- Asociación de Industrias da Primeira Transformación da Madeira
- Asociación de Industrias de Punto e Confección
- Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia, AJE Vigo
- Asociación de Jóvenes Empresarios y Emprendedores de Galicia (AJEGA)
- Asociación de Maioristas Exportadores de Peixes e Mariscos
- Asociación de Mestres de Francés
- Asociación de Mestres de Inglés de Galicia
- Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo
- Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia
- Asociación de Profesionais do Marisqueo a Pé de Galicia. AREAL
- Asociación de Propietarios de Parcelas do Polígono Industrial de San Cibrao
- Asociación de Químicos de Galicia
- Asociación de Transporte de Mercancías por Carretera (APETAMCOR)
- Asociación de Xóvenes Empresarios de Pontevedra
- Asociación de Xoves Empresarios de Vigo e Mancomunidade
- Asociación Española de Titulados Náutico-Pesqueiros (Aetinape)
- Asociación Forestal de Galicia (sede principal)
- Asociación Galega de Artesáns
- Asociación Galega de Auxiliares Técnicos Especialistas Sanitarios
- Asociación Galega de Comercio Electrónico-ASGACE
- Asociación Galega de Cooperativas Agrarias
- Asociación Galega de Deseñadores DAG





- Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxías da Información e Comunicación (AGESTIC)
- Asociación Nacional de Armadores de Buques Conxeladores de Pesca de Pescada
- Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega (ACRUGA)
- Asociación Provincial de Talleres de Reparación
- Asociación Provincial de Academias de A Coruña
- Asociación Provincial de Autoescolas
- Asociación Provincial de Centros de Ensinanza Non Estatal
- Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Ourense. ACO
- Asociación Provincial de Empresarios da Construción. Lugo
- Asociación Provincial de Empresarios da Construción. Pontevedra
- Asociación Provincial de Empresarios da Pequena e Mediana Empresa
- Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería. A Coruña
- Asociación Provincial de Instaladores Eléctricos
- Asociación Provincial de Promotores Inmobiliarios de La Coruña (APROINCO)
- Asociación PuntoGal
- Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)
- Cámara da Coruña
- Cámara de Lugo
- Cámara de Ourense
- Cámara de Pontevedra
- Cámara de Santiago de Compostela
- Cámara de Tui
- Cámara de Vigo
- Camelias Centro Comercial de Vigo
- C.C. El Corte Inglés
- CEAGA. Clúster de Empresas de Automoción de Galicia
- Central Unitaria de Traballadores (CUT)
- Centro de Estudio Hosteleros
- Cexga-Círculo de Exportadores Gallegos
- Clúster Alimentario de Galicia
- Clúster Audiovisual Galego
- Clúster da Agricultura Ecolóxica de Galicia
- Clúster da Madeira de Galicia
- Clúster da Xeotermia de Galicia
- Clúster das enerxías renovables de Galicia
- Clúster de Biotecnología de Galicia



- Clúster de la Acuicultura de Galicia
- Clúster de la Carne de Galicia
- Clúster de Logística y Transporte de Galicia
- Clúster del Sector Textil-Moda de Galicia
- Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego
- Clúster Granito. Asociación Clúster Granito.
- Clúster Tecnológico Empresarial de las Ciencias de la Vida
- Clúster TIC Galicia
- Clúster Turismo Galicia
- Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Industriales de Ourense
- Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos Industriales de Vigo
- Colexio de Arquitectos Técnicos e Aparelladores
- Colexio de Axentes Comerciais
- Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria
- Colexio de Decoradores e Deseñadores de Interior
- Colexio de Delineantes
- Colexio de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia
- Colexio de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía Santiago de Compostela
- Colexio de Doutores e Licenciados en Filosofía e Letras e Ciencias
- Colexio de Economistas
- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
- Colexio de Enxeñeiros Agrónomos
- Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
- Colexio de Enxeñeiros de Minas
- Colexio de Enxeñeiros Peritos e Enxeñeiros Técnicos Navais
- Colexio de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas
- Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Minas
- Colexio de Enxeñeiros Técnicos en Obras Públicas
- Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia
- Colexio de Farmacéuticos
- Colexio de Graduados Sociais de Galicia
- Colexio de Odontólogos
- Colexio de Procuradores
- Colexio de Titulares Mercantís
- Colexio de Veterinarios
- Colexio Notarial
- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



- Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
- Colexio Oficial de Enfermería
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo
- Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia
- Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia
- Colexio Oficial de Químicos de Galicia
- Colexio Oficial de Xestores de Galicia
- Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia
- Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)
- Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia
- Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia
- Colexios de Avogados
- Colexios Médicos
- Comisións Obreiras
- Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal (COFER)
- Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- Confederación Empresarial de Ourense
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Confederación Nacional do Traballo - CNT
- Confederación Provincial de Empresarios de Lugo
- Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra
- Consello Asesor da CRTVG e RTVG-G
- Consello regulador D.O. Monterrey
- Consello regulador D.O. Rías Baixas
- Consello regulador D.O. Ribeira Sacra
- Consello regulador D.O. Ribeiro
- Consello regulador D.O. Valdeorras
- Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia
- Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)
- CSI.F: Central Sindical Independente e de Funcionarios
- Federación de Asociacións Comarcais de Empresarias, Profesionais y Emprendedoras de A Coruña (FEDACEPE)
- Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA)
- Federación de Cooperativas - Sinerxia
- Federación de Empresarias de Galicia - FEGA



- Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia
- Federación Frisona Galega
- Federación Galega da Construción
- Federación Galega de Academias
- Federación Galega de Comercio
- Federación Galega de Confrarías de Pescadores
- Federación Galega de Graniteiros
- Federación Galega de Parques Empresariais. FEGAPE
- Federación Galega de Servizo de Transporte en Autobús
- Federación Gallega de Centros Comerciales Abiertos y Zonas Comerciales Urbanas
- Feiraco
- Foro Enrique Peinador
- FSIE-GALICIA Federación de Sindicatos Independentes de Ensinanza de Galicia
- Fundación Galicia Empresa
- Gadisa
- Galicia Bilingüe
- Grupo de Minusválidos de A Coruña
- Ilustre Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e o Deporte de Galicia
- Inditex
- Irmandade Galega de Adegueiros
- Nova Escola Galega
- OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia)
- Plataforma Queremos Galego
- Prolingua
- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela
- Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña
- Sindicato de Xornalistas de Galicia
- Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas
- STEG Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia
- Unión de Cooperativas de Traballo Asociado de Galicia Eixo
- Unión de Cooperativas do Ensino de Traballo Asociado de Galicia (UCETAG)
- Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado
- Unión Hosteleira Galega
- Unión Profesional de Galicia
- Unión Sindical de Traballadores de Galicia (USTG)
- Unión Sindical Obrera (USO)



- Unión Xeral de Traballadores (UXT-Galicia)
- Unións Agrarias
- Vegalsa-Eroski
- Xóvenes Agricultores-Asaja Galicia



**11**



## **ANEXO III. PROXECTOS PARA 2016 E 2017**





## **“Unha escolma de medidas para 2016 e 2017”**

---

A continuación preséntase un grupo de proxectos destacados para executar ao longo dos anos 2016 e 2017. Para cada proxecto descríbense as principais actuacións para levar a cabo, moitas das cales están recollidas do apartado de medidas, aínda que tamén se inclúen outras actividades e tarefas de menor nivel de entidade. Deste xeito, pódese considerar que estes proxectos dan coherencia ás actuacións do plan e poñen o foco nas principais medidas para executar durante o período 2016-2017.

Convén ter presente que, ademais da execución destes proxectos máis destacables, no período considerado de 2016-2017 desenvolveranse tamén de xeito complementario outras actuacións adicionais recollidas nos apartados de medidas e no cronograma de planificación, que deben ser inseridas no Plan de acción anual de 2016 e 2017.

Os proxectos considerados son os seguintes:

- Proxecto 1. “Portelo único para o galego”. Creación dun punto único de atención á empresa en temas de lingua.
- Proxecto 2. “Galego e internet para mellorar a hostalería”. Actividades da Rede de Dinamización Lingüística que apoien o uso do galego no sector da hostalería a través das TIC: internet, redes sociais, xeolocalización etc.
- Proxecto 3. “O galego, un compromiso conxunto”. Activación da coordinación e a cooperación entre os órganos e as entidades dependentes da Xunta para aumentar a eficacia das actividades desenvolvidas e para unha maior proxección do discurso a prol do uso do galego na empresa.





- Proxecto 4. “Construíndo en galego”. Actuacións de dinamización do idioma galego no sector da construción e das actividades inmobiliarias.
- Proxecto 5. “Melloramos co galego”. Elaboración e difusión dun decálogo de vantaxes a prol do galego na empresa.
- Proxecto 6. “O galego tamén é unha responsabilidade social”. Accións de dinamización das actividades a prol do galego no marco da responsabilidade social empresarial (RSE).
- Proxecto 7. “A difusión, en galego”. Accións de difusión e campañas destinadas ao ámbito económico.
- Proxecto 8. “Colaboramos para facer máis”. Accións de colaboración para aumentar a participación e a implicación.



## Proxecto 1



### Portelo único para a lingua

#### **PROXECTO 1. CREACIÓN DUN PUNTO ÚNICO DE ATENCIÓN Á EMPRESA EN TEMAS DE LINGUA**

Existen a día de hoxe multitude de recursos lingüísticos de todo tipo que poden resultar de interese para as entidades do sector económico e que facilitarían o seu traballo en galego e animarían, sen dúbida, a moitas empresas a usar esta lingua. Moitas veces, por falta de coñecemento da súa existencia ou por non saber onde buscala, esta información está infrautilizada, cando podería ser de axuda para moitas destas entidades. Por este motivo, parece pertinente crear un espazo onde reunir todas estas ferramentas e recursos de utilidade para as empresas e difundilo, xa que nel pode concentrarse todo o necesario para poder converter o galego na lingua normal da súa actividade diaria.

Alén dun punto de información, este servizo aspira, así mesmo, a ser un punto de atención ao que poden dirixirse as entidades do sector económico para resolver as súas dúbidas e problemas.

O punto de atención á empresa, pois, pretende converterse no espazo de referencia en materia de lingua galega para o sector empresarial. Grazas a este servizo poderán informarse dos aspectos lingüísticos que lles afectan e ter acceso ás ferramentas de uso frecuente que lles poden resultar de utilidade.

O punto de atención prevé:

- Posta á disposición das empresas de canles de comunicación (teléfono, enderezo de correo electrónico, formularios, cuestionarios...) para consultas sobre dúbidas lingüísticas, lexislación, recursos existentes ou calquera outro tema relacionado coa lingua galega.



- Creación dunha web onde se recolla información lingüística de interese para as empresas: novidades, campañas, ferramentas e recursos lingüísticos, dúbidas frecuentes, axudas, modelos de documentos, proxectos de interese, actos, publicacións, cuestionarios de autodiagnóstico ou autoavaliación lingüística, guías para a implantación do galego na empresa etc. Esta web actualizarase frecuentemente e conterá, así mesmo, un formulario de contacto.
- Creación de directorios de empresas interesadas e comprometidas co uso do galego no sector da economía.
- Seguimento e difusión de noticias de actualidade empresarial sobre temas de lingua no ámbito da empresa.
- Posta á disposición das empresas, a través da web ou doutros formatos, de información sobre recursos tecnolóxicos, listas de empresas de servizos lingüísticos ou de tradutores xurados.
- Promoción deste punto de información para dalo a coñecer entre as entidades interesadas: asociacións empresariais, cámaras de comercio, colexios profesionais ou as propias empresas.

Con este programa preténdese proporcionarlles apoio e asesoramento ás empresas nos temas de lingua: lexislación, ferramentas e recursos, voluntariado, provedores de servizos lingüísticos, consellos e usos prácticos (criterios, atención á clientela...) etc.



## Proxecto 2



### Galego e internet para mellorar a hostalería

**PROXECTO 2. ACTIVIDADES DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA QUE APOIEN O USO DO GALEGO NO SECTOR DA HOSTALERÍA A TRAVÉS DAS TIC: INTERNET, REDES SOCIAIS, XEOLOCALIZACIÓN ETC.**

A Rede de Dinamización Lingüística (RDL) é unha asociación voluntaria que busca congrega as entidades con competencia na promoción do uso da lingua galega no ámbito local, vinculada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, á que, actualmente, están adheridas provisionalmente cento setenta entidades. Os seus principais obxectivos son os de promover a coordinación das actuacións en materia de dinamización lingüística e aumentar a efectividade destas desde o ámbito local. Trátase, xa que logo, dunha fórmula idónea para programar medidas destinadas, en colaboración cos concellos, a poñer en marcha no tecido económico dos diferentes municipios, principalmente, en sectores de carácter moi local como poden ser o comercio ou a hostalería.

O paquete de accións que, inicialmente, engloba este primeiro programa para a RDL inclúe as seguintes medidas destinadas ao sector da hostalería:

- Realización de obradoiros prácticos para promover o uso do galego nas TIC en actividades propias do negocio (contacto coa clientela, publicación de novidades do establecemento), presenza deste en internet e nos servizos electrónicos dispoñibles (redes sociais xerais e específicas, xeolocalización e mapas etc.). Esta medida servirá tamén para impulsar o dominio.gal.



- Apoio na elaboración e na difusión de materiais de uso e comunicación coa clientela en galego (manteis, menús, cartas etc.) a través do emprego de ferramentas TIC libres.
- Difusión da importancia de utilizar o galego como lingua vehicular coa clientela.
- Atención á clientela baixo o criterio da oferta positiva.
- Revisión de boas prácticas e casos de éxito de uso do galego na hostalería.
- Divulgación de materiais de apoio para os establecementos de hostalería: decálogo de vantaxes de uso do galego, guías de boas práctica, terminoloxía, recursos, punto de atención á empresa etc.



## Proxecto 3



### 0 galego, un compromiso conxunto

**PROXECTO 3. ACTIVACIÓN DA COORDINACIÓN E A COOPERACIÓN ENTRE OS ÓRGANOS E AS ENTIDADES DEPENDENTES DA XUNTA PARA AUMENTAR A EFICACIA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E PARA UNHA MAIOR PROXECCIÓN DO DISCURSO A PROL DO USO DO GALEGO NA EMPRESA**

Posto que este plan está concibido como un proxecto unitario de toda a Xunta de Galicia, as actuacións destinadas a garantir a devandita coordinación e colaboración entre diferentes departamentos autonómicos serán fundamentais. Deste xeito, para os anos 2016 e 2017 están previstas as seguintes accións:

- Activación da comisión interconsellerías para a coordinación das actividades relacionadas coa lingua.
- Desenvolvemento de actividades de comunicación e información sobre o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aos órganos e entidades da Xunta co fin de promover a súa implicación no desenvolvemento dun número crecente de actividades.
- Información á Secretaría Xeral de Política Lingüística das actividades de fomento do uso do galego que levan a cabo outros órganos ou departamentos da Xunta de Galicia.
- Harmonización de criterios na aplicación da oferta positiva na atención ás persoas usuarias (especialmente coas empresas) nas diferentes canles (atención presencial, telefónica, correo electrónico...).
- Coordinación para mellorar no uso dos criterios de uso do galego coas empresas.



- Coordinación nos criterios de valoración do galego en todas as etapas do proceso de relación coas empresas: licitación, adxudicación e execución.
- Formación continuada e actualización técnica nos temas de comunicación coas persoas usuarias dos servizos (especialmente coas empresas).
- Establecemento dun acordo para que nos pregos de condicións e os concursos se inclúa de oficio unha cláusula de que as ofertas e os estudos técnicos que se acompañen deberán estar redactados, polo menos, en galego.



## Proxecto 4



### Construíndo en galego

#### **PROXECTO 4. ACTUACIÓNS DE DINAMIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E DAS ACTIVIDADES INMOBILIARIAS**

A pesar de ser un dos sectores máis afectado pola crise económica nos últimos anos, o da construción é un ámbito de gran dinamismo e de forte implantación en todo o territorio galego e ten un peso importante na economía galega, tanto en zonas urbanas coma rurais, de aí o seu interese estratéxico.

Ademais, é un sector vinculado con múltiples actividades (electricidade, fontanería, fabricación de materiais, carpintería etc.), razón pola que o impacto das medidas de dinamización lingüística neste ámbito pode ser moi notable. A cadea de valor que abarca o sector é ampla e abrangue propietarios/as, promoción, construción, almacéns, persoal técnico (arquitectos/as, aparelladores/as etc.), servizos inmobiliarios...

Por este motivo, é un dos sectores prioritarios para actuar en 2016 e 2017, anos para os que están previstas as seguintes actividades:

- Elaboración de recursos, materiais e bases de datos de uso público que utilizan empresas, profesionais e axentes do sector da construción. Está prevista a posta en marcha da versión en galego do Código técnico de edificación, texto no que se fixan as exixencias básicas de calidade dos edificios e as súas instalacións, e do Banco de prezos da construción e edificación de Galicia.
- Elaboración de documentos e manuais de uso para empresas, cadros de persoal e axentes do sector da construción, como as guías de construción e rehabilitación sostible ou o Informe de avaliación de edificios.





- Campaña de promoción de uso do galego nas empresas do sector da construción.
- Actualización e ampliación da terminoloxía específica dos subsectores e oficios relacionados co sector da construción.
- Posibilidade de desenvolvemento de proxectos de promoción de uso do galego na conxunto de toda a empresa (comunicación interna e externa, en todos os postos de persoal, nas comunicacións e relacións co contorno etc.).
- Elaboración e difusión de documentos de divulgación ligados ao patrimonio construtivo.
- Campaña en galego de promoción e posta en valor do patrimonio construtivo.



## Proxecto 5



### Melloramos co galego

#### **PROXECTO 5. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DUN DECÁLOGO DE VANTAXES A PROL DO GALEGO NA EMPRESA**

Coa finalidade de crear un discurso positivo sobre a utilidade do uso do galego parece interesante crear un argumentario no que se expliquen as vantaxes e as implicacións que pode ter a utilización do galego na actividade diaria das empresas.

Este documento pode servir de base, ademais, para elaborar outro tipo de documentos de información e comunicación máis lixeiros: carteis, folletos, campañas publicitarias etc.

Unha parte importante deste proxecto é a difusión e a distribución entre as entidades vinculadas co sector económico: asociacións empresariais, cámaras de comercio, empresas etc. A elaboración deste catálogo pode implicar a realización das seguintes actividades para 2016 e 2017:

- Elaboración do propio documento de vantaxes e de implicacións do uso do galego na competitividade e no ámbito da empresa.
- Elaboración dun decálogo e outros documentos de comunicación para a difusión pública.
- Campaña de comunicación para promover o uso do galego no ámbito empresarial.
- Actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego: acceso ao ámbito da lusofonía, lingua internacional de negocios, achegamento á clientela etc.



- Valorización dos produtos coa etiquetaxe en galego.
- Posta en valor de experiencias prácticas, casos de éxito e boas prácticas e de uso do galego na empresa.



## Proxecto 6



### O galego tamén é unha responsabilidade social

#### **PROXECTO 6. ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN DAS ACTIVIDADES A PROL DO GALEGO NO MARCO DA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL (RSE)**

A lingua pode formar parte da política de responsabilidade social (RSE) das empresas. A relación positiva cos territorios onde a empresa opera, así como coa súa cultura e a súa lingua, convértese nun xeito de contribuír á sociedade.

As empresas deben abordar o tema da lingua de xeito transversal, xa que está relacionada con todos os aspectos substanciais da RSE: laborais, sociais, económicos, de produto, de atención á clientela, de relación coa comunidade, de proximidade etc.

No caso concreto de Galicia, vincular a lingua galega cos conceptos e as actuacións das empresas no ámbito da responsabilidade social empresarial ten boa prensa na actualidade e previsiblemente continúe a tela.

Por este motivo, propónse a posta en marcha destas actuacións no marco da lingua e a RSE para os anos 2016 e 2017:

- Elaboración dunha guía práctica de actividades para desenvolver nas empresas e as entidades no marco da RSE e a lingua. Neste documento poderían recollese casos de boas prácticas en relación co uso do galego no ámbito empresarial, así como estratexias ou directrices para incluír o tema da lingua na estratexia de RSE das empresa.
- Recoñecemento ás empresas e ás entidades polo seu uso do galego no marco da RSE.



- Desenvolvemento de actividades informativas que divulguen e promovan a realización de actuacións a prol da lingua nas empresas e as entidades como parte da súa política de RSE. A idea é mostrarlles ás empresas como incluír a lingua na súa estratexia de RSE a través de accións que poden resultar de utilidade para a empresa e para difundir o galego neste ámbito.
- Difusión de experiencias de éxito que poidan servir de exemplo.
- Inclusión dunha liña de responsabilidade social e lingua no plans e actividades de RSE que elaboren os órganos con competencias nesta materia.
- Campaña de dinamización do galego que aluda á responsabilidade social das empresas.



## Proxecto 7



### A difusión, en galego

#### **PROXECTO 7. ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E CAMPAÑAS DESTINADAS AO ÁMBITO ECONÓMICO**

Este proxecto engloba as actividades de comunicación, que se leven a cabo desde a propia Secretaría Xeral de Política Lingüística e tamén desde outros órganos e entidades da Xunta de Galicia, destinadas á promoción da lingua galega no sector empresarial. Ademais de campañas publicitarias, as accións de comunicación prevén a posta en marcha doutro tipo de iniciativas como campañas informativas, difusión de materiais promocionais (folletos, por exemplo), organización de actos ou promoción en medios de comunicación.

A maior parte das actividades de comunicación previstas para os anos 2016 e 2017 vai dirixida ao ámbito empresarial en xeral, mentres que para o resto do período que abrangue este plan, isto é, entre 2018 e 2020, se porán en marcha actuacións máis específicas dirixidas aos sectores concretos que se consideran neste proxecto. As medidas deste programa tradúcense, principalmente, na posta en marcha de varias campañas de promoción do galego centradas en diferentes aspectos considerados estratéxicos para fomentar o uso da lingua neste ámbito.

Velaquí as actividades de comunicación programadas para 2016 e 2017, divididas en dous bloques: un con actuacións destinadas á promoción do galego como lingua útil para facer negocios nos países estranxeiros, fundamentalmente, nos lusófonos; e outro de campañas promocionais para impulsar o uso do galego como lingua de traballo, de imaxe e de atención nas empresas.

- O galego constitúe unha oportunidade para que o sector empresarial de Galicia faga negocios, posto que conecta, grazas á súa semellanza co portugués, con



máis de 200 millóns de persoas de países lusófonos (Portugal, Angola, O Brasil, Cabo Verde, Guinea Bissau, Guinea Ecuatorial ou Mozambique, entre outros). Por este motivo, o galego permite acceder sen intermediarios á lusofonía e xerar así o clima de confianza preciso que proporciona o feito de comunicarse directamente. Este fenómeno ten unha grande importancia para o sector empresarial, xa que o interese polos países lusófonos está a medrar de xeito importante entre a comunidade empresarial galega e, á hora de emprender o camiño da internacionalización, son moitas as empresas que se decataron de que o galego constitúe unha vantaxe competitiva que serve para situarse de forma diferencial en mercados moi competitivos e menos saturados ca os europeos: América Latina e África. Para aproveitar esta circunstancia, púxose en marcha o proxecto Exportar en Galego, froito da colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Federación Galega de Parques Empresariais, que pretende mostrarlle ao empresariado as vantaxes competitivas que presenta o galego nos países de fala portuguesa e ofrecerlle as ferramentas necesarias para establecer relacións comerciais con eles. Co obxectivo de aproveitar a existencia deste proxecto e sacarlle o máximo partido, propónse, no marco deste plan, organizar actividades de promoción do galego que axuden á promoción e posta en valor das vantaxes do galego como lingua que abre as portas á lusofonía e outras actividades informativas para visibilizar as potencialidades do galego como lingua internacional de negocios.

- Os plans de comunicación recollen medidas de promoción de diferente tipo: campañas publicitarias en medios de comunicación, organización de actos, elaboración de materiais de difusión (folletos, catálogos...), envío masivo de correo (electrónico, principalmente), uso de redes sociais etc. Dentro de todas estas posibilidades, enuméranse a continuación as campañas de promoción do galego no sector económico previstas para 2016 e 2017, todas elas dirixidas ao sector económico en xeral, aínda que cada unha cun tema diferente e cuns obxectivos específicos, agás a última que está dirixida ao sector hostaleiro:
  - Prevese a realización de tres campañas xerais: unha campaña nos medios de comunicación destinada ao reforzamento do galego no ámbito socioeconómico que explique as vantaxes do uso desta lingua nas empresas; unha campaña nos medios que lle dea ao galego unha imaxe de lingua maioritaria, propia e emerxente e que a asocie ao progreso social e económico e que faga ver que a lingua ten valor económico; e unha campaña específica destinada a impulsar a oferta positiva na atención á clientela que incida nas súas vantaxes e as implicacións que ten no trato á clientela.
  - Apoio ás actividades de dinamización do galego no sector empresarial levadas a cabo por medios de comunicación dixitais.



- Actividades de difusión do galego específicas en festas e datas sinaladas de especial relevancia para o sector da hostalería (Nadal, Entroido etc.). Aproveitando a existencia no calendario de celebracións nas que a gastronomía ten unha grande importancia e a repercusión e o impacto que estas datas teñen na hostalería, vincular estas co fomento da lingua galega pode servir para aumentar a súa visibilidade neste sector. Esta actuación terá, polo tanto, efectos beneficiosos para o galego, pero tamén para os bares e restaurantes implicados, pois axudaralles a dar unha imaxe de proximidade e de diferenciación de cara á súa potencial clientela.





## Proxecto 8



### Colaboramos para facer máis

#### **PROXECTO 8. ACCIÓNS DE COLABORACIÓN PARA AUMENTAR A PARTICIPACIÓN E A IMPLICACIÓN**

Este proxecto busca dinamizar o uso do galego no ámbito económico a través do contacto, o apoio, a colaboración e a motivación doutros axentes relacionados coa área económica ou vinculados coa promoción da lingua. En definitiva, búscase implicar o maior número posible de empresas e de organizacións na realización de actividades a prol da lingua nas actividades económicas.

Trátase, pois, dun proxecto de achegamento a outras entidades para prestarlles apoio en actividades que xa están a realizar ou en novas actividades que poidan xurdir e para as que se poden establecer acordos de colaboración. Con este proxecto perséguese, por unha banda, iniciar contactos e coñecer as actuacións que se están a levar a cabo noutras entidades para fomentar o uso do galego no sector empresarial, así como crear redes con estas entidades para que tamén colaboren entre elas, se coordinen, creen grupos e intercambien experiencias. Este tipo de iniciativas servirá para unir esforzos no impulso do galego neste ámbito, o que, sen dúbida, redundará nun maior éxito e un aumento da eficacia á hora de poñer en marcha as actuacións e acadar os mellores resultados.

A realización deste proxecto ao longo de 2016 e 2017 provocará unha crecente sinerxía entre os actores implicados na implementación das actuacións previstas neste plan. A colaboración de todos redundará, sen dúbida, nunha crecente implicación de entidades e de empresas e xerará un efecto multiplicador non só no ámbito económico, senón tamén no resto da poboación, xa que se trata dunha área fundamental no funcionamento das sociedades modernas e de grande influencia e prestixio no mundo de hoxe. Por este motivo, un incremento no uso desta lingua nas



empresas axudará ao seu impulso tamén no resto dos sectores cos que se relaciona e, polo tanto, na súa visibilidade en todos os ámbitos.

Trátase, xa que logo, de implicar as empresas e as entidades relacionadas co ámbito económico para que desenvolvan en galego actuacións relacionadas coas actividades que son propias do seu sector económico.

A continuación preséntanse as actividades de dinamización para poñer en marcha en 2016 e 2017:

- Colaboración con entidades asociativas empresariais (cámaras de comercio, asociacións empresariais, clústeres...) para apoialas e promover actividades a prol do galego.
- Apoio e fomento para a visibilidade do uso do galego a través da publicidade e a sinalización interna e externa das áreas comerciais e empresariais e das empresas. Dada a importancia que os centros comerciais teñen na sociedade moderna, resulta de interese achegarse a estes para fomentar que a sinalización das áreas de acceso ou os corredores, as mensaxes de comunicación, os aparcadoiros ou a publicidade que realizan estean en galego, así como que se use esta lingua nos puntos de información ou na megafonía. No caso dos parques e as zonas empresariais, tamén suporía un grande avance para o galego que toda a sinalización destes estea tamén en galego.
- Actividades para instituír o Día da Galeguidade Empresarial coa finalidade de crear unha referencia cronolóxica importante para conmemorar o uso do galego nas empresas.
- Fomento do uso do galego na etiquetaxe de todo tipo de produtos, principalmente nos produtos de maior consumo, de proximidade e de calidade.
- Establecemento dun proceso de participación para recoller propostas de dinamización do galego no eido económico. Trátase de realizar unha consulta tanto a organismos públicos (Xunta de Galicia e Administración local) como a outro tipo de entidades relacionadas co mundo da lingua e tamén da empresa (asociacións empresariais, asociacións de promoción do galego, entidades culturais etc.) para que enriquezan o plan coas súas achegas.
- Estudo da viabilidade de utilización de selos/certificados de recoñecemento do uso da lingua galega na empresa. Esta medida suporá a realización dun estudo para analizar o alcance que tería a implantación de certificados ou selos de recoñecemento ás




empresas que utilizan o galego na súa actividade diaria, co obxectivo de determinar cal pode ser o tipo de distinción máis axeitada.

- Colaboración na edición e difusión de publicacións empresariais para que estas se redacten en galego.
- Realización de materiais de formación sobre a atención á clientela baixo o criterio da oferta positiva.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao sector da hostalería: colaboración coas asociacións e entidades deste ámbito para empregar o galego nas actividades de promoción económica do sector e apoio na elaboración e difusión de materiais de uso e de comunicación coa clientela en galego (como, por exemplo, manteis, menús, cartas etc.).
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao sector do comercio: colaboración con entidades comerciais (asociacións, federacións, zonas comerciais, centros comerciais etc.) no emprego do galego nas actividades de promoción económica do sector; colaboración coas administracións locais, principalmente a través da Rede de Dinamización Lingüística, no impulso e a mellora do comercio a través da promoción do emprego do idioma galego; apoio ás actividades de recoñecemento (como, por exemplo, premios) ao emprego do galego no sector do comercio; e achegamento ás grandes marcas comerciais e ás zonas e centros comerciais para normalizar o galego.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao sector da alimentación: colaboración con entidades asociativas e cooperativas para o uso do galego nas actividades de promoción económica do sector alimentario; colaboración coas administracións locais, sobre todo aproveitando a existencia da Rede de Dinamización Lingüística, para a utilización do galego no impulso e na mellora do sector alimentario; apoio ás actividades de recoñecemento ao emprego do galego (por exemplo, en premios) no sector alimentario; e achegamento aos supermercados e grandes cadeas para normalizar o uso do galego.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao sector TIC: solicitarlles ás empresas e entidades TIC a conveniencia de empregar o galego na súa páxina web e nas redes sociais; apoiar as empresas que desenvolvan software para que inclúan de base a localización do galego nos seus produtos; achegarlles recursos lingüísticos en galego ás empresas do sector TIC para que o empreguen nos seus desenvolvementos; apoiar e



establecer colaboracións cos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC para fomentar a súa actividade en galego, especialmente na súa relación cos asociados; apoiar a inclusión dunha nova categoría de premio á actividade a prol da lingua galega nos galardóns actuais dos colexios profesionais e as asociacións do sector TIC; achegarllles ás empresas e entidades do sector información sobre as vantaxes do galego na empresa; e apoiar e facilitar as actividades dos grupos de tradución das interfaces das aplicacións e servizos electrónicos libres para avanzar na súa galeguización.

- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao sector bancario: establecemento de acordos coas principais entidades bancarias para normalizar o uso do galego; establecemento de colaboración coas fundacións das entidades bancarias para estender o uso do galego nas súas actividades; e establecer acordos de colaboración específicos cos bancos para poñer en práctica a oferta positiva na atención á clientela.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ás entidades de asesoramento e intermediación por medio do contacto e a colaboración cos colexios profesionais e asociacións deste sector.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento á área das relacións laborais: promover a redacción e a tradución dos convenios colectivos ao galego e desenvolver actividades de información e formación sobre a importancia do uso do galego na negociación colectiva, na empresa e coa clientela conforme a oferta positiva.
- Actividades de fomento do galego a través da cooperación e o achegamento ao cooperativismo: achegamento ás asociacións de cooperativas para promover o uso do galego nas actividades económicas e tamén aos representantes das máis importantes cooperativas dos distintos sectores co obxecto de acordar as medidas conducentes á galeguización da súa actividade.



[www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)



XUNTA  
DE GALICIA